



XUNTA DE GALICIA

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL



CURSO 2017/2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Este documento foi presentado ao Claustro e ao Consello Escolar o día 10/10/2017.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.

- 1.- [Datos xerais do centro.](#) Páx. 006
- 2.- [Conclusións da Memoria do ano anterior.](#) Páx. 007
- 3.- [Aspectos relevantes a desenvolver.](#) Páx. 009

1. OBXECTIVOS DO CENTRO.

- 1. [Obxectivos xerais do centro.](#) Páx. 010
- 1.2. *Obxectivos da xestión pedagóxica.*
 - 1.2.1. [Equipo Directivo.](#) Páx. 011
 - 1.2.2. [Claustro.](#) Páx. 013
 - 1.2.3. [Consello Escolar.](#) Páx. 014
 - 1.2.4. [Comisión Coordinación Pedagóxica.](#) Páx. 015
 - 1.2.5. [Equipo de Dinamización da Lingua Galega.](#) Páx. 016
 - 1.2.6. [Niveis e Ciclos.](#) Páx. 017
 - 1.2.7. [Departamento de Orientación.](#) Páx. 023
 - 1.2.8. [Equipo de Biblioteca.](#) Páx. 024
 - 1.2.9. [Equipo TIC.](#) Páx. 025
 - 1.2.10. [Alumnado.](#) Páx. 026
 - 1.2.11. [Pais, nais e titores legais.](#) Páx. 026
- 1.3. *Obxectivos da xestión económica.*
 - 1.3.1. [Criterios de adquisición de material.](#) Páx. 027
 - 1.3.2. [Investimento do diñeiro dotado pola Consellería de Educación.](#) Páx. 027

2. PROXECTO EDUCATIVO.

- 2.1.- [Concreción do Proxecto Educativo.](#) *Páx. 028*
- 2.2.- [Modificacións ao Proxecto Educativo.](#) *Páx. 028*

3. ESTRUCTURA ORGÁNICA E FUNCIONAMENTO.

- 3.1.- [Equipo Directivo.](#) *Páx. 029*
- 3.2.- [Claustro de profesores.](#) *Páx. 029*
- 3.3.- [Consello Escolar.](#) *Páx. 030*
- 3.4.- [Comisión Económica.](#) *Páx. 031*
- 3.5.- [Comisión de Convivencia.](#) *Páx. 031*
- 3.6.- [Comisión de Avaliación Diagnóstica.](#) *Páx. 032*
- 3.7.- [Titorías.](#) *Páx. 032*
- 3.8.- [Áreas e niveis impartidos por cada mestre.](#) *Páx. 032*
- 3.9.- [Equipo de Actividades Complementarias.](#) *Páx. 034*
- 3.10.- [Comisión de Coordinación Pedagóxica.](#) *Páx. 034*
- 3.11.- [Equipo de Dinamización Lingüística.](#) *Páx. 034*
- 3.12.- [Coordinadores.](#) *Páx. 035*
- 3.13.- *Horario.*
- 3.13.1. [Xornada escolar.](#) *Páx. 036*
- 3.13.2. [Horarios de clase.](#) *Páx. 036*
- 3.13.3. [Horario de gardas.](#) *Páx. 049*
- 3.13.4. [Horario de atención ao público.](#) *Páx. 050*
- 3.13.5. [Horario de atención a pais, nais e títos legais.](#) *Páx. 050*
- 3.14.- [Entrega de notas.](#) *Páx. 051*
- 3.15.- [Quendas de vixilancias do recreo.](#) *Páx. 051*
- 3.16.- [Quendas de vixilancias tardes.](#) *Páx. 052*
- 3.17.- [Calendario de reunións.](#) *Páx. 053*

3.17.1 <u>Reunións Consello Escolar.</u>	Páx. 056
3.17.2 <u>Reunións Claustro.</u>	Páx. 057
3.17.3 <u>Comisión de Coordinación Pedagóxica.</u>	Páx. 058
3.18.- <u>Relixión.</u>	Páx. 059
3.19.- <u>Alumnado co NEAE.</u>	Páx. 059
3.20.- <u>Alumnado de prácticas.</u>	Páx. 060
3.21.- <u>TICS.</u>	Páx. 060
3.22.- <u>Libros de texto.</u>	Páx. 061
3.23.- <u>Faltas de asistencia.</u>	Páx. 064
3.24.- <u>Uso das instalacións escolares.</u>	Páx. 064
3.25.- <u>Transporte escolar.</u>	Páx. 065
3.26.- <u>Comedor escolar.</u>	Páx. 065
3.27.- <u>Biblioteca escolar.</u>	Páx. 066
3.28.- <u>Días non lectivos.</u>	Páx. 066
3.29.- <u>Calendario Escolar.</u>	Páx. 067

4. PLANS E PROGRAMAS.

4.1.- <u>Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares.</u>	Páx. 068
4.1.1.- <u>Plan de actividades propostas pola ANPA Limiar.</u>	Páx. 068
4.1.2.- <u>Festividades.</u>	Páx. 069
4.1.3.- <u>Actividades culturais.</u>	Páx. 070
4.1.4.- <u>Actividades deportivas.</u>	Páx. 070
4.1.5.- <u>Actividades e visitas culturais e excursións.</u>	Páx. 070
4.1.5.1.- <u>Actividades culturais organizadas pola Concellería de Educación de Ourense.</u>	Páx. 071
4.1.5.2.- <u>Outras actividades culturais previstas.</u>	Páx. 076
4.1.6.- <u>Outras actividades.</u>	Páx. 076

4.2.- <u>Plan de Convivencia e NOF.</u>	Páx. 077
4.3.- <u>Proxecto Lingüístico.</u>	Páx. 077
4.4.- <u>Plan Lector.</u>	Páx. 077
4.5.- <u>Plan TIC.</u>	Páx. 077
4.6.- <u>Plan de Orientación.</u>	Páx. 078
4.7.- <u>Plan de Acción tutorial.</u>	Páx. 078
4.8.- <u>Plan xeral de Atención á Diversidade.</u>	Páx. 078
4.9.- <u>Plan de Acollida.</u>	Páx. 078
4.10.- <u>Plan de Adaptación.</u>	Páx. 078
4.11.- <u>Plan de Autoprotección do Centro.</u>	Páx. 079
4.12.- <u>Plan APPCC.</u>	Páx. 079
4.13.- <u>Proxecto de Biblioteca.</u>	Páx. 079
4.14.- <u>Protocolo de posibles pandemias.</u>	Páx. 079
4.15.- <u>Plan de Formación do Profesorado.</u>	Páx. 080
4.16.- <u>Plan de relación co entorno e a familia.</u>	Páx. 080
4.17.- <i>Avaliación individualizada e final: Guía para a mellora.</i>	
4.17.1. <u>Consideracións previas.</u>	Páx. 082
4.17.2. <u>Análise de resultados.</u>	Páx. 083
4.17.3. <u>Composición da comisión de avaliación 2017/18.</u>	Páx. 084
4.17.4. <u>Diagnóstico da situación.</u>	Páx. 084
4.17.4. <u>Propostas de mellora.</u>	Páx. 084
4.18.- <i>Programas de innovación educativa.</i>	
4.18.1 <u>PLAMBE.</u>	Páx. 085
4.18.2 <u>Programa de auxiliar de conversa.</u>	Páx. 085
4.18.3 <u>Plan Proxecta.</u>	Páx. 085

5. [SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA PXA.](#) *Páx. 087*
6. [APROBACIÓN.](#) *Páx. 088*

ANEXOS:

- Anexo I: [Plan Anual de Orientación.](#) *Páx. 002*
- Anexo II: [Proxecto lingüístico. Addenda.](#) *Páx. 002*
- Anexo III: [Proxecto de biblioteca. Plan Anual de Lectura.](#) *Páx. 002*
- Anexo IV: [Plan TIC.](#) *Páx. 002*
- Anexo V: [Plan Anual de atención á diversidade.](#) *Páx. 002*

INTRODUCCIÓN

1.- DATOS XERAIS DO CENTRO.

DATOS XERAIS DO CENTRO.	
Denominación:	CEIP MANUEL SUEIRO
Titularidade	PÚBLICO
Nº código de centro	32015219
Municipio (Localidade):	OURENSE
Provincia:	OURENSE
CP	32004
Tfno:	988231026
Enderezo:	ESCULTOR FAILDE Nº 21
Enderezo electrónico	ceip.manuel.sueiro@edu.xunta.es
Páxina Web	

	EI	FI	FF	EM	EF	PT	AL	EP	REL	DO	AUX	TOTAIS
Persoal definitivo	2	1	0	1	1	1	0	4	2	1	0	13
Provisionais tempo completo	0	0	0	0	0	1	0	1	0	0	1	3
Provisionais tempo parcial	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1
Curso 2017-2018	2	1	0	1	1	2	1	5	2	1	1	17

	4º EI	5º EI	6º EI	1º EP	2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP
	3	11	6	8	8	8	11	11	6
	20			52					
TOTAIS	72								

Comezamos este novo curso escolar co desexo de continuar a traballar na mesma liña dos últimos cursos académicos. Para elo, vai ser de gran importancia o desenvolvemento dos diferentes Plans e Programas que están en funcionamento, especialmente o Plan de Mellora de Biblioteca Escolar, Proxecto TIC/Abalar, Proxecto de Fomento do Emprego do Galego, Plan Proxecta e as Seccións Bilingües.

O proxecto PLAMBE, xunto co de Fomento do Emprego do Galego e o Proxecto TIC/Abalar, supuxo un salto cualitativo no desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe en todos os niveis educativos que se imparten no centro. Porén, supón unha mellora substancial nas relacións e implicacións das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

2.- CONCLUSIÓN S DA MEMORIA DO ANO ANTERIOR:

Aínda que se cumpriron satisfactoriamente a maioría dos obxectivos, expónse para este curso as seguintes propostas de mellora:

- a. Seguir mellorando o plan de convivencia, as normas de funcionamento, e a atención ao alumnado para isto é importante traballar co alumnado e profesorado o apartado de dereitos e deberes.
- b. Implicar máis ao alumnado na asimilación e interiorización de hábitos de responsabilidade e de atención na aula, reforzando a Educación en valores para evitar a formación de subgrupos e desenvolver actitudes de respecto e solidariedade rexeitado calquera tipo de discriminación.
- c. Continuar co reforzo educativo (RE) ou as adaptacións curriculares (AC), de ser o caso, naquel alumnado que presente dificultades de aprendizaxe.
- d. Aumentar a dotación do material informático e de lectura do Centro. Urxen EDIs nas aulas de Infantil e 1º e 2º de Ed. Primaria.
- e. Actualizar e dar publicidade os diferentes cursos en Moodle, dentro do aula virtual, para facilitar o uso das novas tecnoloxías dentro e fóra da aula co alumnado.
- f. Actualizar os diferentes Plans e Proxectos que integran Proxecto educativo, dando prioridade o Plan de convivencia, as NOF, e as Concrecións Curriculares de nivel.
- g. Actualizar os documentos programáticos do Centro.
- h. Continuar empregando a biblioteca como centro de documentación e recursos para o desenvolvemento das diferentes materias.
- i. Mellorar a comunicación e relación cos pais e nais do alumnado, sobre todo nos casos de alumnos con dificultades de aprendizaxe e de comportamento. Controlar diariamente as axendas dalgún alumnado, e utilízalas como nexos de comunicación do titor coa familia, para que exista un verdadeiro control e seguimento das familias do traballo desenvolvido polos seus fillos. Como complemento a dita comunicación introducimos o traballo na aplicación informática Abalar Móbil.
- j. Afondar na expresión oral, a escrita, e a orde e limpeza nos traballos realizados polo alumnado.
- k. Programar actividades extraescolares e complementarias xa que moitos dos nosos alumnos e alumnas non poden acceder a elas máis que a través do colexio, tendo en conta o principio de calidade, eficacia, eficiencia e menor custe económico.
- l. Seguir realizando a “Hora de ler” todos os días da semana, tendo un horario fixo semanal de 12.00 a 12.20 horas.

3.- ASPECTOS RELEVANTES A DESENVOLVER.

- a. Revisión das programacións didácticas de nivel e de aula.
- b. Actualización do plan de convivencia, as NOF e a súa adecuación ao Decreto 8/2015 sobre convivencia escolar.
- c. Actualización dos plans de lectura, orientación, PXAD, e o proxecto lingüístico.
- d. Mellorar os recursos tecnolóxicos, introducindo ou renovando, se é o caso, EDIs, canóns e ordenadores nas aulas que o precisen así como un mellor aproveitamento dos recursos existentes a través dunha axeitada programación do seu uso por todos os membros da comunidade educativa.
- e. Programa de formación do profesorado, centrado nas súas demandas e dando prioridade a súa formación a mellora da utilización das TIC así como da atención a diversidade.
- f. Continuar no Plan Proxecta: Meteoescolas e Aliméntate ben (modalidade Froita na escola).
- g. Implantar e actualizar de forma definitiva o Plan de Autoprotección do centro.
- h. Continuar desenvolvendo o PlanTIC/Abalar.
- i. Continuar desenvolvendo o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.
- j. En linguas estranxeiras, continuar desenvolvendo o programa de “Seccións bilingües” e o de “Auxiliar de conversa na escola”.
- k. Volver a participar no proxecto de fomento do emprego do galego.

1. OBXECTIVOS DO CENTRO

1. OBXECTIVOS XERAIS:

1. O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do noso alumnado.
2. A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
3. A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
4. A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
5. A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e a solidariedade entre os pobos así como na adquisición de valores que propicien o respecto cara os seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
6. O desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular o seu propio aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
7. A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e de la interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
8. A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
9. A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
10. A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, e en unha ou máis linguas estranxeiras.
11. A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

1.2. OBXECTIVOS DE XESTIÓN PEDAGÓXICA:

1.2.1 EQUIPO DIRECTIVO.

1. Garantir unha **xestión transparente, áxil e eficaz do presuposto, dos procesos de información e xestión do persoal e da relación familia-centro** coa idea de continuar no camiño iniciado cara un centro educativo de calidade na xestión e na organización.
2. **Fomentar un clima escolar que favoreza o respecto, o esforzo, o traballo en equipo, a participación democrática, a resolución e a mediación de conflitos** así como o desenvolvemento de actuacións que propicien unha formación integral en coñecementos e valores do alumnado, co fin de contribuír á formación de cidadáns libres, críticos e democráticos.
3. Consolidar **mecanismos de avaliación e análise dos resultados das Avaliacións Individualizadas** buscando un maior desenvolvemento dos acordos e decisións que se tomen na busca dunha mellora dos rendementos educativos, sobre todo na mellora da competencia en comunicación lingüística, lingua estranxeira, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como a formación integral a través da iniciación, coñecemento e uso funcional das novas tecnoloxías da información e da comunicación atendendo á diversidade do noso alumnado.
4. Concretar a implantación do **Plan de Autoprotección do Centro** adaptando o mesmo aos requirimentos normativos.
5. Apoiar a **A.N.P.A. Limiar do CEIP Manuel Sueiro**, axudando a esta entidade, dentro das posibilidades legais a realización das súas actividades.
6. Establecer mecanismos de axuste nas **concrecións curriculares**, tanto na etapa de Educación Infantil, pero sobre todo na etapa de Educación Primaria para unha adecuación ás esixencias da LOMCE e o *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.* (DOG. 9/09/2014).
7. Achegar **o centro ás familias e a toda a comunidade educativa**, buscando unha maior colaboración e participación democrática nas actividades do colexio fomentando unha maior conciencia da filosofía integradora que ten o CEIP Manuel Sueiro.

8. Continuar e ampliar a participación no **Plan Proxecta, Seccións Bilingües en 1º e 2º de Educación Primaria, o Programa de Auxiliar de Conversa na escola e o proxecto de fomento do emprego do galego.**
9. **Impulsar e animar á elaboración dun Plan de Formación** no que a actualización e a formación do profesorado sexa un dos obxectivos prioritarios baseado no consenso xeral, tendo en conta as necesidades e as achegas da comunidade educativa.
10. Revisar, coordinar e adecuar os requirimentos da comunidade educativa o **funcionamento dos Servizos Complementarios** en resposta ás demandas das familias e á mellora da calidade do servizo.
11. Continuar desenvolvendo o **Proxecto Lector, Plan TIC e manter o Programa de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos** incluíndo dentro do Plan de Centro.
12. Adecuar o **Proxecto Educativo á normativa actual, así como os diferentes documentos que o integran** potenciando as achegas realizadas polos diferentes axentes educativos para a elaboración dos mesmos e difundíndoos a través da páxina web do colexio.
13. **Manter unido o Claustro de mestres**, facilitando a integración persoal e profesional do profesorado de nova incorporación. Concretar e adecuar os espazos de uso común e o clima de convivencia entre os docentes do centro, sendo o punto de partida do desenvolvemento das relacións persoais e profesionais e atendendo ás demandas dos mesmos fomentando a participación do profesorado nas decisións do colexio a través dos órganos de goberno colexiados e os órganos de coordinación docente.
14. Adecuar e actualizar o **Plan de Convivencia á normativa actual, así como os diferentes documentos que o integran.**
15. **Favorecer a comunicación e a información no centro educativo**, tanto entre os membros e os órganos internos do colexio, como entre estes e as familias, e coa Administración educativa en xeral, para conseguir que as relacións sexan fluídas e cordiais.
16. Favorecer e colaborar na realización do **Programa de Actividades Complementarias e Extraescolares** que se sustente dentro das concrecións curriculares. Que conecte o noso centro co entorno máis próximo que é a nosa localidade. Planificar e adecuar as mesmas aos espazos e aos tempos nos que se

realizan para dar resposta as inquietudes das familias, favorecendo a cohesión e a integración do colexio co entorno.

17. Potenciar a participación e a colaboración dos distintos sectores da comunidade educativa na vida do colexio para conseguir unha formación básica, solidaria e que contribúa á efectiva **igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**, tal e como se recolle nos artigos 9 e 10 da *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes*. (DOG. 03/08/2004).
18. **Continuar mellorando os recursos tecnolóxicos, materiais curriculares, as infraestruturas, así como o coidado a limpeza e a ornamentación do centro**, dando resposta ás inquietudes da comunidade educativa e dentro dos límites que establece a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

1.2.2. CLAUSTRO:

1. Formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos de centro e da programación xeral anual, así como a súa actualización.
2. Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
3. Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación do alumnado, así como a actualización dos programas e proxectos vinculados aos mesmos.
4. Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro, centradas prioritariamente nas TIC e na atención a diversidade.
5. Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
6. Informar as normas de organización e funcionamento do centro.
7. Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente, a través da actualización e revisión do Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento.
8. Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a través de diferentes actividades complementarias e extraescolares.

9. Calquera outra que lles sexan atribuídas pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento, tales como a actualización do Plan de Autoprotección do centro educativo.

1.2.3. CONSELLO ESCOLAR:

1. Avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE 04/05/2006) modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE. 10/12/2013), sendo o proxecto educativo, o proxecto de xestión do centro, normas de organización e funcionamento e programación xeral anual.
2. Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro de profesorado, en relación coa planificación e organización docente.
3. Informar sobre a admisión de alumnos e alumnas, con subxección ao establecido nesta Lei Orgánica e as disposicións que a desenvolven.
4. Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente.
5. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente á convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia dos pais, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.
6. Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da presente Lei Orgánica, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.
7. Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e informar a obtención de recursos complementarios, de acordo co establecido no artigo 122.3.
8. Informar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
9. Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.

10. Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
11. Calquera outra que lle sexan atribuídas por la Administración educativa.

1.2.4 COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:

A comisión de coordinación pedagóxica está composto por todos os membros do Claustro docente. Levaranse a cabo, como mínimo, unha reunión mensual para o primeiro martes de cada mes en horario de 17.00 a 18.00, na sala de mestres. Sen embargo, ao longo do curso, realizaranse convocatorias extraordinarias segundo as necesidades.

Os **obxectivos** da comisión de coordinación pedagóxica son os seguintes.

1. Elevar propostas ó claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos e concrecións curriculares.
2. Velar para que a elaboración dos proxectos e concrecións curriculares de etapa e nivel, así como o plan de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
3. Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos e concrecións curriculares de etapa e nivel, e a programación xeral anual.
4. Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e nivel e do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares.
5. Propoñer ao claustro de docentes os proxectos e concrecións curriculares para a súa aprobación.
6. Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos e concrecións curriculares de etapa.
7. Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara ó Centro de Formación e Recursos.
8. Realizar, de ser o caso, a proposta á xefatura de estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
9. Propoñer os docentes que han de formar parte do equipo de normalización lingüística.

1.2.5 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA:

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega está composto por todos os membros do Claustro docente. Levaranse a cabo, como mínimo, unha reunión mensual para o segundo martes de cada mes en horario de 17.00 a 18.00, na sala de mestres. Sen embargo, ao longo do curso, realizaranse convocatorias extraordinarias segundo as necesidades.

Os **obxectivos** do Equipo de Dinamización da Lingua Galega son os seguintes.

1. Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto e concrecións curriculares de nivel e etapa, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos os seguintes parámetros
 - a. Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b. Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria prevexa na súa normativa específica.

1.2.6 CICLOS E NIVEIS DE ENSINO:

Os Equipos de Nivel da Etapa de Educación Primaria e o Equipo de Ciclo da Etapa de Educación Infantil do CEIP Manuel Sueiro estará composto polos seguintes, tal e como se detalla a continuación. Levaranse a cabo, como mínimo, unha reunión mensual para o cuarto martes de cada mes en horario de 17.00 a 18.00, na sala de mestres. Sen embargo, ao longo do curso, realizaranse convocatorias extraordinarias segundo as necesidades.

EDUCACIÓN INFANTIL:

Compoñentes do Ciclo de Educación Infantil:

- Carballo Martínez, Ana María. (4º e 5º EI)
- Carballo Martínez, María Pilar. (6º EI).
- Iglesias Gómez, María del Pilar (FI)
- González Alonso. Alfonso (Apoio EI)
- Lorenzo Cancio, María Inmaculada (Apoio EI)
- Sánchez Veiga, María Belén (Audición e Linguaxe).
- Baranda del Campo, Ana (Relixión Católica).
- Taddey Rajoy, Olga Lía (Relixión Evanxélica).

Os **fins** da etapa de educación infantil son:

1. A finalidade da educación infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das nenas e dos nenos.

2. Na educación infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais, facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiren autonomía persoal.

3. Potenciarase a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non-violencia

en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Os **obxectivos** da etapa de educación infantil son:

1. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
2. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
3. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
4. Desenvolver as súas capacidades afectivas.
5. Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
6. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
7. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
8. Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
9. Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Metodoloxía.

1. Conformar un ambiente estable para que o neno/a veña contento á escola.
2. Basear a aprendizaxe en actividades lúdicas e estimulantes, que partan das súas necesidades e intereses
3. Respectar a individualidade de cada neno/a para axudar a desenvolver a súa personalidade.
4. Para poñer en práctica estes aspectos, cremos no traballo por proxectos que, ademais de favorecer estas aprendizaxes significativas, pretende establecer un lazo moi estreito coas familias, compartindo información e colaboración.

Avaliación.

A avaliación en infantil será continúa, individualizada e formativa. No caso de alumnado que por razóns médicas, familiares ou doutra índole, non poida asistir ao centro ou quede exento temporalmente dunha materia, avaliarase segundo as directrices que figuran na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

Compoñentes do 1º Curso de Educación Primaria:

- Otero Abellás, Alfonso (Titor 1º Ed. Primaria).
- Regal Vázquez, José Antonio (VSC)
- Iglesias Gómez, María del Pilar (FI)
- González Alonso. Alfonso (EF)
- Lorenzo Cancio, María Inmaculada (EM)
- Blanco Dorrío, Norberto (PT).
- López Martínez, María Concepción (PT).
- Sánchez Veiga, María Belén (Audición e Linguaxe).
- Baranda del Campo, Ana (Relixión Católica).
- Taddey Rajoy, Olga Lía (Relixión Evanxélica).

Compoñentes do 2º Curso de Educación Primaria:

- Regal Vázquez, José Antonio (Titor 2º Ed. Primaria).
- Romero Novoa, Aurora Clara (VSC)
- Iglesias Gómez, María del Pilar (FI)
- González Alonso. Alfonso (EF)
- Lorenzo Cancio, María Inmaculada (EM)
- Blanco Dorrío, Norberto (PT).
- López Martínez, María Concepción (PT).
- Sánchez Veiga, María Belén (Audición e Linguaxe).
- Baranda del Campo, Ana (Relixión Católica).
- Taddey Rajoy, Olga Lía (Relixión Evanxélica).

Compoñentes do 3º Curso de Educación Primaria:

- Aldemira Requejo, María Carmen (Titor 3º Ed. Primaria).
- Iglesias Gómez, María del Pilar (FI)
- González Alonso. Alfonso (EF)
- Lorenzo Cancio, María Inmaculada (EM)
- Blanco Dorrió, Norberto (PT).
- López Martínez, María Concepción (PT).
- Sánchez Veiga, María Belén (Audición e Linguaxe).
- Baranda del Campo, Ana (Relixión Católica).
- Taddey Rajoy, Olga Lía (Relixión Evanxélica).

Compoñentes do 4º Curso de Educación Primaria:

- Lorenzo Cancio, María Inmaculada (Titora 4º Educación Primaria e EM)
- Iglesias Gómez, María del Pilar (FI)
- González Alonso. Alfonso (EF)
- Blanco Dorrió, Norberto (PT).
- López Martínez, María Concepción (PT).
- Sánchez Veiga, María Belén (Audición e Linguaxe).
- Baranda del Campo, Ana (Relixión Católica).
- Taddey Rajoy, Olga Lía (Relixión Evanxélica).

Compoñentes do 5º Curso de Educación Primaria:

- Rego García, José Manuel (Titor 5º Educación Primaria)
- Otero Abellás, Alfonso (CCNN)
- Regal Vázquez, José Antonio (CCSS).
- Lorenzo Cancio, María Inmaculada (EM)
- Iglesias Gómez, María del Pilar (FI)
- González Alonso. Alfonso (EF)
- Blanco Dorrió, Norberto (PT).
- López Martínez, María Concepción (PT).
- Sánchez Veiga, María Belén (Audición e Linguaxe).
- Baranda del Campo, Ana (Relixión Católica).

- Taddey Rajoy, Olga Lía (Relixión Evanxélica).

Compoñentes do 6º Curso de Educación Primaria:

- Romero Novoa, Auora Clara (Titora 6º Educación Primaria)
- Lorenzo Cancio, María Inmaculada (EM)
- Iglesias Gómez, María del Pilar (FI)
- González Alonso. Alfonso (EF)
- Blanco Dorrío, Norberto (PT).
- López Martínez, María Concepción (PT).
- Sánchez Veiga, María Belén (Audición e Linguaxe).
- Baranda del Campo, Ana (Relixión Católica).
- Taddey Rajoy, Olga Lía (Relixión Evanxélica).

.Os **obxectivos** da etapa de educación primaria son:

1. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
2. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
3. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
4. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
5. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
6. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

7. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
8. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
9. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
10. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
11. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
12. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
13. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
14. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
15. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Metodoloxía.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Avaliación.

A avaliación será continua, formativa e individualizada. No caso de alumnado que por razóns médicas, familiares ou doutra índole, non poida asistir ao centro ou quede exento temporalmente dunha materia, se avaliará (ou non) segundo as directrices que figuran na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade

1.2.7 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

O Departamento de Orientación do CEIP Manuel Sueiro está composto pola xefa do departamento de orientación, polos docentes de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe, polos coordinadores de ciclo e, se é o caso, e dos coordinadores de nivel.

Pérez Fernández, María José. (Xefa DO)

Aldemira Requejo, María Carmen. (3º EP)

Otero Abellás, Alfonso. (1º EP)

Blanco Dorrio, Norberto. (PT)

Regal Vázquez, José Antonio. (2º EP)

Carballo Martínez, María Pilar. (Coord. EI)

Rego García, José Manuel. (5º EP)

López Martínez, María Concepción. (PT)

Romero Novoa, Aurora Clara. (6º EP)

Lorenzo Cancio, María Inmaculada. (4º EP)

Sánchez Veiga, María Belén. (AL)

Levaranse a cabo, como mínimo, unha reunión mensual para o primeiro martes de cada mes en horario de 17.00 a 18.00, na sede do Departamento de Orientación. Sen embargo, ao longo do curso, realizaranse convocatorias extraordinarias segundo as necesidades.

Os **obxectivos** do Departamento de Orientación son os seguintes.

1. Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
2. Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica, e do plan de acción

tutorial dos centros, así como coordinar o profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

3. Participar na elaboración dos proxectos educativo e concrecións curriculares do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
4. Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.
5. Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
6. Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e a resolución de conflitos de relación interpersonal.
7. Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.
8. Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.
9. Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

1.2.8 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA:

O Equipo de Dinamización da Biblioteca do CEIP Manuel Sueiro está composto por todo o profesorado do mesmo. Levaranse a cabo, como mínimo, unha reunión mensual para o terceiro martes de cada mes en horario de 17.00 a 18.00, na sala de mestres. Sen embargo, ao longo do curso, realizaranse convocatorias extraordinarias segundo as necesidades.

Os **obxectivos** do Equipo de Dinamización da Biblioteca son os seguintes.

1. Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o proxecto anual de biblioteca escolar e a memoria final.
2. Coordinar, seguindo as directrices da consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.

3. Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
4. Informar o claustro das actividades da biblioteca e integrar a súas suxestións
5. Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
6. Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
7. Asesorar o profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.
8. Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
9. Representar o equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
10. Aqueloutras funcións que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica sobre bibliotecas escolares.

1.2.9 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC:

O Equipo de Dinamización das TIC do CEIP Manuel Sueiro está composto por todo o profesorado do mesmo. Levaranse a cabo, como mínimo, unha reunión mensual para o terceiro martes de cada mes en horario de 17.00 a 18.00, na sala de mestres. Sen embargo, ao longo do curso, realizaranse convocatorias extraordinarias segundo as necesidades.

Os **obxectivos** do Equipo de Dinamización das TIC son os seguintes:

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
2. Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
3. Dar soporte, no uso didáctico, do equipamento informático do centro, ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
4. Elaborará, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.

5. Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

1.2.10 ALUMNADO:

Os obxectivos para o alumnado do CEIP Manuel Sueiro, ademais dos fins e obxectivos que establece a LOE e a súa posterior modificación a través da LOMCE son os seguintes:

1. Atender e desenvolver a súa plena personalidade.
2. Formalos no respecto aos dereitos e liberdades para conseguir unha convivencia axeitada.
3. Procurar que alcancen hábitos de autonomía persoal, intelectual, coñecementos científicos, humanísticos e estéticos, dentro das súas idades.
4. Potenciar o respecto a outras formas de vida e cultura.
5. Potenciar o valor da lectura e o achegamento á mesma.

En definitiva axudalos na súa preparación de cara a unha participación activa na sociedade, cada vez máis complicada e esixente para eles.

1.2.11 PAIS, NAIS E TITORES LEGAIS:

1. Fomentar o día de titoría de pais/nais.
2. Favorecer a participación na ANPA do centro..
3. Axudar economicamente en determinadas cuestións.
4. Apoiar os Proxectos que levan a cabo no Centro.
5. Participar nas charlas, obradoiros e outras actividades que se organicen a nivel de pais, nais e titores.
6. Colaborar na supervisión e control das Actividades Extraescolares nas que se lles solicite axuda.
7. Colaborar co Claustro na posta en marcha do Plan de Mellora da Biblioteca, do Proxecto TIC/Abalar, do proxecto de fomento do emprego do galego... e doutros que se poñan en marcha.
8. Seguir apoiando os proxectos encamiñados a mellorar a disciplina do alumnado .

1.3. OBXECTIVOS DE XESTIÓN ECONÓMICA:

1.3.1 CRITERIOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL:

1. Cada titoría e especialistas establecen os criterios para a compra e uso do material funxible.
2. As familias do alumnado poderán colaborar economicamente naquelas actividades extraescolares que demanden un elevado custo económico para o centro.
3. Intentaremos que cada titoría dispoña dunha cantidade variable cada curso escolar, segundo as achegas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para adquirir material didáctico non funxible para o nivel (xogos educativos...). Dentro das prioridades, este ano volverá a favorecerse a compra de material relacionado coa implantación das TICs no aula.
4. O centro poderá contar coa axuda económica das familias para os gastos motivados das celebracións festivas de distinta natureza que se produzan no Centro.
5. Existe un compromiso coa dotación económica para a biblioteca escolar dun 10% do orzamento da conta de Gastos de Funcionamento (arredor de 1000 € anuais).

1.3.2 INVESTIMENTO DO DIÑEIRO DOTADO POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

As cantidades de diñeiro ingresadas neste Centro, teñen como obxectivo manter operativo o mesmo. Con elas cóbrense os gastos que xeran o mantemento de mobiliario e utensilios, as necesidades administrativas, comunicacións, subministracións e gastos diversos que apoiem a actividade docente.

No mes de xaneiro elaboraremos o resumo das contas, de gastos e ingresos de funcionamento, e os presentaremos ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha vez sexan aprobadas polo Consello Escolar.

Asemade, este Equipo Directivo elaborará no mes de febreiro os orzamentos, das diferentes contas, para o ano 2017 e que serán aprobados en Consello Escolar.

2 PROXECTO EDUCATIVO

2.1.- CONCRECIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO:

A concreción do noso proxecto educativo, neste Plan Xeral Anual, vese reflectida, fundamentalmente, nos apartados 3, 4 e 5 desta programación.

2.2.- MODIFICACIÓNS AO PROXECTO EDUCATIVO.

Como consecuencia dos obxectivos propostos no apartado 1 da PXA realizaremos, ao longo do curso 2017/2018, actualizacións ou revisións nos seguintes plans e proxectos:

- Actualización do Plan Lector.
- Actualización do Plan de Orientación.
- Actualización do Proxecto de biblioteca.
- Addenda do Proxecto lingüístico.
- Actualización do Plan TIC/Abalar.
- Actualización do Plan de convivencia.
 - Adaptalo á Lei 4/2011 do 30 de xuño e ao Decreto 8/2015.
- Redacción dun novo Plan de Autoprotección que faga que sexa máis operativo.
- Redacción dun novo Plan de Acollida.
- Concrecións curriculares de nivel adaptándoas ao Decreto 105/2014.

3 ESTRUCTURA ORGÁNICA E FUNCIONAMENTO

3.1.- EQUIPO DIRECTIVO:

- Director: José Manuel Rego García.
- Secretario : Norberto Blanco Dorrío.

3.2.- CLAUSTRO:

- Aldemira Requejo, María Carmen.
- Blanco Dorrío, Norberto.
- Carballo Martínez, Ana María.
- Carballo Martínez, María Pilar.
- González Alonso, Alfonso.
- Iglesias Gómez, María Pilar.
- Lorenzo Cancio, María Inmaculada.
- Otero Abellás, Alfonso.
- Regal Vázquez, José Antonio.
- Rego García, José Manuel.
- Romero Novoa, Aurora Clara.
- Sánchez Veiga, María Belén.
- Taddey Rajoy, Olga Lía.

Ademais deste profesorado sumar a presenza de:

- Baranda del Campo, Ana, pertencente ao claustro do CEIP Curros Enríquez de Ourense,
- Pérez Fernández, María José, pertencente ao claustro do CEIP de Vistahermosa en Ourense.

3.3.- O CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO:

O CEIP Manuel Sueiro, no curso escolar 2016/2017 perde unha unidade de Educación Primaria, sufrindo a perda da función da xefatura de estudos que é asumida pola dirección do centro educativo. Esta modificación de catálogo fai que o consello escolar quede composto en cada un dos sectores por 3 docentes, 3 membros das familias, un representante do concello de Ourense, e un representante do persoal de administración e servizos. Dita modificación será realizada na seguinte renovación. O Consello Escolar do Centro actualmente, está formado polas seguintes persoas:

Presidente : José Manuel Rego García.

Secretario : Norberto Blanco Dorrío.

POLO SECTOR DOCENTE:

- Iglesias Gómez, María Pilar.
- Lorenzo Cancio, María Inmaculada.
- Otero Abellás, Alfonso.
- Regal Vázquez, José Antonio.
- Romero Novoa, Aurora Clara.

POLO SECTOR DAS FAMILIAS:

- Fernández Cartón, Roberto
- Fernández González, Ana Belén.
- Prieto Nogueiras, María Teresa.
- Rivera García, Marta Ester.

COMO REPRESENTANTE DA ANPA:

- Rego Gavilán, Catuxa.

COMO REPRESENTANTE DO CONCELLO:

- Fraga Vara, Abel

COMO REPRESENTANTE PERSOAL NON DOCENTE:

- Ribao Carrera, Ánxela.

3.4.- COMISSION ECONOMICA:

A comisión económica está formada por:

- **Director:** José Manuel Rego García.
- **Secretario:** Norberto Blanco Dorrío.
- **Representante do profesorado:** Alfonso Otero Abellás.
- **Representante do Pais/Nais:** Roberto Fernández Cartón.

3.5.- COMISSION DE CONVIVENCIA:

A comisión de convivencia está formada por:

- **Director:** José Manuel Rego García.
- **Representantes do profesorado:**
 - Alfonso Otero Abellás
Este Plan de Orientación **figura como Anexo** de Proxecto educativo do centro. Na mesma sesión en que se aproba este Plan Xeral, preséntase ao Consello Escolar unha nova redacción do Plan Anual de Atención á diversidade.

4.7.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

Este Plan **figura como Anexo** de Proxecto educativo do centro. Continua vixente o anterior Plan.

4.8.- PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Este Plan **figura como Anexo** do Proxecto educativo do centro. Continua vixente o Plan anterior.

4.9.- PLAN DE ACOLLIDA:

Este Plan **figura como Anexo** do Proxecto educativo do centro. Está en proceso de redacción.

4.10.- PLAN DE ADAPTACIÓN:

Este Plan **figura como Anexo** do Proxecto educativo do centro. Continua vixente o anterior Plan.

4.11.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO:

Este curso temos programado actualizar o vello Plan de Autoprotección que está vixente no centro.

4.12.- PLAN APPCC

O Plan de APPCC (análise de perigos e puntos de control críticos) do comedor do noso centro é responsabilidade da empresa responsable do servizo de comedor Sala Grandín da Estrada.

4.13.- PROXECTO DE BIBLIOTECA

Este ano continuamos integrados no PLAMBE. Na presente sesión presentamos para a súa aprobación o proxecto de biblioteca e o Plan Anual de Lectura, para o curso 2017/2018. O Proxecto de Biblioteca/Plan anual de lectura **figura como Anexo** do proxecto educativo.

4.14.- PROTOCOLO ANTE POSIBLES PANDEMIAS

En relación a unha posible pandemia que afecte aos membros da comunidade educativa, poremos en práctica todas aquelas directrices que nos sexan comunicadas desde as Consellerías de Educación e Sanidade.

O responsable coordinador da pandemia no centro será o director D. José Manuel Rego García.

4.15.- PLAN FORMACIÓN DO PROFESORADO

No presente curso escolar levaremos a cabo as seguintes tarefas, ademais das propias da titoría:

- Actualización dalgúns aspectos do Proxecto Educativo, adaptándoo á nova lexislación educativa.
- Revisión da Concreción Curricular do PE.
- Toda a comunidade educativa participará de forma activa no Proxecto de fomento do emprego do uso do galego.
- Posta en común e estudo das Ordes da Consellería que incidan no noso labor: LOE, LOMCE, Currículo de Primaria, Ed. Infantil, Decreto 79/2011, Lei 4/2011, Decreto 8/2015.
- Utilizaremos e actualizaremos a Páxina Web do Colexio que xa adquiriu un papel destacado como medio de información de todas aquelas novas relacionadas coa comunidade educativa.
- Outras actividades de formación do Profesorado: A maioría do Profesorado do Centro ten solicitado cursiños, xornadas... segundo o plan de formación da Consellería para o curso 2017/2018. Estamos pendentes da súa concesión.
- O plan de formación do profesorado do CEIP Manuel Sueiro complétase con dous grupos de traballo centrados nas TIC e na atención da diversidade.

4.16.- PLAN DE RELACIÓN CO ENTORNO E A FAMILIA.

O colexio debe ser considerado como un **centro aberto** que establece determinadas relacións de reciprocidade co medio no que está situado.

É especialmente importante, para o bo funcionamento do centro, mostrar o establecemento de relacións de cooperación e coordinación coa ANPA Limiar do noso colexio.

Dentro de programa de apertura do Centro á contorna realízanse as seguintes actividades:

- Actividades de información a de Pais/Nais do noso alumnado, consistente en charlas (esporadicamente, na Biblioteca do Centro).
- Fomentar a participación da comunidade educativa en diversas actividades complementarias e extraescolares: festa do Magosto, festival de Nadal, festa do Entroido e festa de fin de curso, contando sempre coa colaboración da ANPA Limiar.
- Colaboramos co **Concello de Ourense** en todas aquelas actividades que se realizan desde o mesmo e que son relevantes para a formación do noso alumnado.
- Colaboración coa Fundación Xaquín Lorenzo para a realización dun obradoiro de xogos populares no centro.
- Colaboración co CIFP Portovelo e o IES As Lagoas, naquelas actividades que resulten de interese para o noso alumnado.

Facilitarase, asemade, calquera tipo de relación frutífera, a tenor dos nosos fins, coas distintas asociacións de cidadáns que representen a nosa contorna e que no lo demanden de forma legal.

4.17.- AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA/FINAL ED. PRIMARIA:

GUÍA PARA A MELLORA.

A partir dos resultados da avaliación individualizada de 3º curso de Educación Primaria realizada a finais do curso pasado, presentamos unha guía de actuación para mellorar o proceso educativo que estamos a desenvolver no centro.

1.17.1 Consideracións previas.

Estas probas son unhas avaliacións que versan sobre as competencias claves do alumnado e que se desenvolve en todos os centros que imparten ensinanza básica. Debe dar lugar a compromisos de revisión e mellora a partir dos resultados que dela se obteñan. A lei dispón que se trata dunha avaliación de carácter formativo e orientador para os centros, e informativo para as familias e o conxunto da comunidade educativa.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora Calidade Educativa (LOMCE), establece estas avaliacións no terceiro e sexto curso de Ed. Primaria. Esta avaliación terá lugar de acordo coas autoridades de educación dispoñibles e "comprobar o grao de dominio de habilidades, capacidades e competencias en falar e escoitar e comprensión de lectura, matemáticas e resolución de problemas en relación ao grao de adquisición de competencias en comunicación lingüística e competición de Matemáticas ". Asemade, en sexto curso tamén se avaliará a competencia en lingua estranxeira e en ciencia e tecnoloxía.

En relación a ela, cada curso escolar ditaranse instrucións sobre aspectos concretos relativos á celebración da proba correspondente. A posta en práctica da avaliación encamiñase así a estimular a necesidade de reflexionar sobre a práctica educativa, para encontrar nesa análise evidencias rigorosas que permitan comprender o que se fai nos centros educativos e o que se consegue, é dicir, debe contribuir a promover procesos de autoavaliación nas institucións escolares.

En consonancia co anterior, debe dar lugar, así mesmo, a compromisos de revisión e mellora a partir dos resultados obtidos.

1.17.2 Composición da comisión de Avaliación para o curso 2017/2018.

- **Director:** José Manuel Rego García.
- **Xefa do departamento de orientación:** María José Pérez Fernández
- **Os titores:** Dna. María del Carmen Aldemira Requejo e Dna. Aurora Clara Romero Novoa.

1.17.3 Análise dos resultados do curso 2016/2017.

Os resultados a día de hoxe non están dispoñibles.

1.17.4 Diagnóstico da situación.

En xeral, podemos dicir que o noso centro acada uns resultados bastante satisfactorios que practicamente coinciden coa avaliación continua realizada polo profesorado.

Os resultados non son satisfactorios na competencia de ciencias e tecnoloxía, O resultado desta puntuación quizás se poida explicar por ser a última proba en realizar, na que o cansazo era patente. Asemade, as cuestións estaban propostas dun xeito enrevesado para o cal se precisaba unha lectura con moita concentración dos enunciados das mesmas. Desde os Equipos docentes deberemos establecer estratexias para mellorar os apartados competenciais nos que puntuamos máis baixo.

1.17.5 Propostas de mellora.

- Débense manter, e incrementar no posible, as actividades e propostas recollidas no Proxecto lector do centro e no Plan de biblioteca para tratar de manter e mellorar os resultados acadados na comprensión lectora.
- Debermos mellorar as destrezas comunicativas no referente a expresión escrita.
- Débese familiarizar ao alumnado co formato e coa mecánica dos caderniños cos que se realizan as probas de avaliación, sobre todo no referido ao ámbito da competencia matemática e ciencias e tecnoloxía, para tratar de mellorar os resultados na mesma.
- A implantación do uso das novas tecnoloxías nos procesos de ensino e aprendizaxe, recollida no Plan de introdución das TICs, debe ser un factor que axude a acadar as dúas propostas anteriores dada a cantidade e calidade de recursos que achega á práctica educativa, sen esquecer un factor fundamental como é a motivación do alumnado.

- Respecto ao currículo, revisar e reformular de ser necesario, as programacións didácticas no relativo ao apartado “cálculo e numeración”, e ciencias e tecnoloxía. Estableceremos estratexias, plans ou programas específicos para mellorar a “Expresión escrita”. En 4º e 6º curso, como materia de libre configuración, Continuaremos realizando un obradoiro de expresión.
- Respecto á práctica docente, revisar as estratexias metodolóxicas para abordar o ensino do cálculo e da resolución de problemas e a aprendizaxe de contidos científicos e tecnolóxicos.
- Débese adestrar a atención e a concentración, co fin de poder aumentalas. O tempo das mesmas é extraordinariamente escaso.

4.18.- PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

Este curso participaremos nos seguintes plans e programas de innovación educativa:

4.18.1 PLAMBE.

Por sétimo ano consecutivo seguimos incluídos dentro do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, segundo o programa aprobado polo Claustro e Consello Escolar no mes de xuño. A **coordinadora** e responsable deste Plan será **Dna. María del Carmen Aldemira Requejo**.

4.18.2 Programa de auxiliar de conversa.

Programa complementario de apoio e colaboración de profesorado nativo para posibilitar a práctica da conversa oral, proporcionar un modelo de corrección lingüística e achegar o alumnado e profesorado á cultura do seu país. A **coordinadora** deste Plan será **Dna. Pilar Iglesias Gómez**.

4.18.3 Plan Proxecta.

Dentro do Plan Proxecta participaremos nos seguintes programas:

- **Aliméntate ben**: Continuaremos participando na modalidade de **“Froita na escola”** con todo o alumnado do centro. A coordinadora deste proxecto será **Dna. María Concepción López Martínez**.
- **Proxecto Meteoescolas**. Por cuarto ano, volvemos participar nesta modalidade do Plan Proxecta que pretende mellorar as competencias do alumnado en temas medio ambientais e das ciencias da Terra e promover a investigación na escola. A **coordinadora** deste Plan será **Dna. María de Carmen Aldemira Requejo**.

5.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA PXA:

Durante o mes de **xaneiro**, o claustro realizará o seguimento desta PXA para detectar as posibles desviacións do planificado e estudar aspectos que poderían ser mellorables. Deste seguimento farase un informe que será presentado ao Consello Escolar.

Ao final de curso, o claustro avaliará todos os aspectos docentes, tratando entre todos os apartados xerais e achegando, por ciclos de Ed. Infantil e niveis de Ed. Primaria, a avaliación dos que sexan propios.

O Consello Escolar avaliará esta PXA e o cumprimento dos obxectivos e actividades nela propostos, respectando os aspectos docentes.

Un extracto escrito do seguimento e a avaliación levada a cabo conformará a Memoria, que será elaborada coas achegas de todos e presentada ao Consello Escolar para a súa aprobación na última reunión do curso, a finais de xuño.

6.- APROBACIÓN:

A presente Programación Xeral Anual do Centro para o curso académico 2017/2018, foi presentado ao Claustro de mestres e aprobado por unanimidade dos membros. O mesmo día e presentada ao Consello Escolar do CEIP Manuel Sueiro de Ourense na reunión que **se celebrou o día 10 de outubro do 2017**, do que como Secretario dou fe.

Visto e Prace

O Secretario

O director:

Asdo.: José Manuel Rego García

Asdo.: Norberto Blanco Dorrío

CEIP MANUEL SUEIRO



XUNTA DE GALICIA

PLAN DE ORIENTACIÓN.



CURSO 2017/2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Este documento foi presentado ao Claustro e ao Consello Escolar o día 10/10/2017.

PLAN XERAL ANUAL

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O ámbito de actuación do departamento abrangue tamén dentro da modalidade de orientación compartida ao CEIP Vistahermosa (Ourense).

Manterá as súas reunións sempre que sexa necesario e, a lo menos, unha vez ao mes.

OBXECTIVOS:

Os obxectivos propostos son:

- ◆ Asesorar e orientar ao alumnado, ao profesorado e as familias para a mellora da calidade do ensino.
- ◆ Apoiar nos procesos de ensino-aprendizaxe a todo o alumnado do centro.
- ◆ Contribuír a prever dificultades de aprendizaxe e a deseñar os mecanismos de reforzo.
- ◆ Contribuír a deseñar medidas para a detección temperá das necesidades.
- ◆ Favorecer o proceso de adaptación á escola do novo alumnado sobre todo o inmigrante ou de minorías étnicas.
- ◆ Contribuír a deseñar actuacións que fomenten a convivencia escolar a través do desenvolvemento de habilidades sociais sobre todo de cohesión de grupo naqueles cursos onde se considere necesario.
- ◆ Asesorar, informar e orientar ao alumnado e ás familias nos momentos decisivos da historia escolar do alumnado.

- ◆ Contribuír ao fomento das relacións coas familias do alumnado e con aqueles servizos e institucións que prestan atención socioeducativa e sanitaria ao noso alumnado.
- ◆ Asesorar e colaborar na actualización e elaboración dos distintos documentos do centro.
- ◆ Sistematizar e estruturar criterios para traballar a velocidade lectora en toda a etapa de primaria.
- ◆ Adquirir o material e equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.

ACCIÓNS

	ACCIÓNS	
SETEMBRO	Deseño da avaliación inicial do alumnado	. Titores/as . Equipos docentes . D. Orientación
SETEMBRO	Recollida de información sobre o alumnado de novo ingreso	. Profesorado-titor . Xefa D. Orientación
SETEMBRO	Exploración inicial da vista do alumnado de 1º de EP.	. Xefa D. Orientación
SETEMBRO- OUTUBRO	Exploración de linguaxe ao alumnado de 6º de EI e alumnado novo de 1º e 2º de EP	. Xefa D. Orientación
SETEMBRO	Elaboración do Plan Anual do D.de O. e Plan Anual de Atención á Diversidade.	. D. de Orientación
TODO O CURSO.	Detección de necesidades educativas especiais	. Titores. . Equipos docentes . Pais. . D. de Orientación
TODO O CURSO	Avaliación psicopedagóxica do alumnado	. Xefa D. Orientación . Titores. . Equipos docentes

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

TODO O CURSO	Informes psicopedagóxicos	. Xefa D. Orientación
SETEMBRO- OUTUBRO	Organización dos apoios ao alumnado con n.e.e. dentro e fóra da aula	. Xefa D. Orientación . D. Orientación . Xefa de Estudos
SEMANAIS	Reunións de coordinación. Intervención, seguimento e avaliación.	. Xefa D. de O. . Profesorado PT- AL
1º TRIMESTRE	Revisión e actualización de ficheiros do alumnado do centro.	. Xefa D. Orientación
TODO O CURSO	Entrevistas coas familias	. Xefa D. Orientación
TODO O CURSO	Entrevistas individuais co profesorado	. Xefa D. Orientación . Profesorado
TODO O CURSO	Entrevistas individuais co alumnado	. Xefa D. Orientación
TODO O CURSO	Asesoramento no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares e doutras medidas extraordinarias que afecten á escolarización do alumnado	. Xefa D. Orientación . Profesorado
TODO O CURSO	Participación nas sesións de avaliación, sempre que haxa dispoñibilidade horaria.	. Xefa D. Orientación
TODO O CURSO	Coordinación con distintas institucións e profesionais que inciden no noso alumnado	. Xefa D. Orientación
TODO O CURSO	Participación na Comisión de Convivencia, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Comisión das avaliacións individualizadas de 3º e 6º de EP..	. Xefa D. Orientación
1º-2º-3º TRIMESTRE	Aplicación de probas colectivas.	. X. D. Orientación

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN.

Como o obxectivo principal do Departamento de Orientación é contribuír a mellorar a calidade do ensino no centro, a estratexia fundamental que se utilizará será a colaboración cos titores, sempre que o soliciten, co fin de que a cada alumno lle chegue a oferta educativa máis axeitada ás súas propias características. Seguidamente, os acordos que se tomaran o profesorado-titor será o responsable de comunicarlle ao resto do seu equipo docente.

A intervención estará eminentemente enfocada á *prevención e desenvolvemento*, aínda que para atender certas necesidades específicas realizaranse intervencións *correctivas*.

Intentarase implicar ao máximo ás familias, ofertándolles o asesoramento que precisen e indicándolles, segundo as necesidades concretas, as pautas de actuación oportunas.

HORARIO:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
CEIP	CEIP	CEIP	CEIP	CEIP
VISTAHERMOSA.	VISTAHERMOSA.	VISTAHERMOSA.	MANUELSUEIRO	MANUELSUEIRO
De 9:00 a 14:00 h.	De 9:00 a 14:00 h.	De 9:00 a 14:00 h.	De 9:00 a 14:00 h.	De 9:00 a 14:00 h.
	De 16:00 a 18:00 .			
	CEIP			
	MANUELSUEIRO:			
	1º martes mes.			
	CEIP			
	VISTAHERMOSA:			
	2º, 3º, 4º mes.			

CRITERIOS E AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL.

A avaliación global do Plan Anual seguirá os seguintes pasos:

a) Avaliación inicial: Recollida de datos e suxerencias para realizar este plan nas reunións da comisión de coordinación pedagóxica, de departamento e nos equipos docentes.

b) A avaliación do proceso centrarase:

- No estado de desenvolvemento do Plan Anual.
- Na análise das dificultades que se presenten.
- Na proposta de cambios.

c) Na avaliación final terase en conta:

- A análise do grao de consecución de obxectivos propostos.
- A adecuación das medidas educativas adoptadas.
- A adecuación e suficiencia de recursos dispoñibles.
- As posibles modificacións e propostas de mellora a efectuar en cursos posteriores.

Ourense, 29 de setembro de 2017.



XUNTA DE GALICIA

ADDENDA LINGÜÍSTICA



CURSO 2017/2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Este documento foi presentado ao Claustro e ao Consello Escolar o día 10/10/2017.

ADDENDA LINGÜÍSTICA.

ÍNDICE

Introdución.

I.- Lingua materna predominante.

II.- Actividades e estratexias de aprendizaxe.

III.- Modificación de impartición de materias.

IV.- Programas e actividades:

A. Realizadas no curso 2016/2017.

B. Previstas para o curso 2017/2018.

V.- Aprobación.

VI.- ANEXOS

ADDENDA

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

INTRODUCCIÓN:

O Decreto 79/2010 de 20 de maio, regula o uso das linguas no sistema educativo. No seu artigo 14 di que cada Centro elaborará o seu Proxecto Lingüístico cada catro anos, e que formará parte do seu Proxecto Educativo.

En virtude do artigo catro do mencionado Decreto, o EDL do centro elaborou a addenda do proxecto lingüístico e que presentou a todo o claustro e comisión de coordinación pedagóxica.

O Claustro de Profesores e o Equipo de Dinamización da Lingua do Centro considera que a lingua galega é un elemento básico de identidade cultural e que une a toda a comunidade educativa que a fala , polo que ao amparo da Lei 3/1983 que propón que se garanta o uso en igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia, favorecerá e impulsará esa igualdade para que ao rematar a Educación Primaria , os alumnos e alumnas deste Centro teñan competencia, oral e escrita, nas dúas linguas.

I LINGUA MATERNA PREDOMINANTE

O Centro, en virtude do establecido no Decreto 79/2010 solicitou información aos pais/nais de 4º nivel de educación infantil sobre a lingua materna dos seus fillos para establecer a lingua predominante, segundo modelo que se achega como ANEXO, sendo esta a **lingua galega (75 % do alumnado Lingua Galega, 40% Lingua Castelá) .**

Tendo en conta ao alumnado de 5º de Educación Infantil (60% Lingua Galega e 40% Lingua Castelá) e en 6º Ed. Infantil (80% Lingua Castelá e o Lingua Galega 20% galego), e que o alumnado de 4º e 5º de Ed. infantil están na mesma aula, así coma que a contorna sociolingüística do noso centro é castelán falante, determínase que será esta, a **lingua castelá a lingua vehicular nas aulas de Educación Infantil**, aínda que se fomentará que o alumnado teña un coñecemento parello das dúas linguas.

Este curso, desde o EDLG, temos programado actualizar os datos relativos á situación lingüística da nosa comunidade educativa cun cuestionario que anonimamente cumprimentarán todas as familias do noso alumnado xa que o ano pasado non se chegou a realizar.

II ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE

Na programación de aula estableceranse as actividades e estratexias para que o alumnado adquira competencia oral e escrita nas dúas linguas oficiais, entre as que figurarán:

- Apoio individualizado ao alumnado con dificultades en algunha das linguas.
- Reforzo educativo na lingua na que teña maiores dificultades partindo da lingua oral.
- Traballar o vocabulario básico nas dúas linguas.
- Axudarse de contos, cancións, poesías, xogos de patio, dramatizacións, para fomentar o uso das linguas oficiais.
- Axudarse de material audiovisual (películas, internet, xogos, etc...) que serva de reforzo visual a adquisición de vocabulario
- Traballar o específico e diferente nas fonéticas das dúas linguas.
- Partir de experiencias próximas ao alumnado para ampliar o seu vocabulario.

De contar con alumnos ou alumnas que non teñan coñecemento de Lingua Galega ou Lingua Castelá, arbitraranse medidas de reforzo para que logren o aproveitamento necesario en todas áreas que se lle impartan.

Asemade, seguiremos contando con dúas seccións bilingües en 1º e 2º de Ed. Primaria. Para o próximo curso propómonos aumentar o número de seccións bilingües no centro.

IV.- PROGRAMAS DE ACTIVIDADES

A. REALIZADAS NO CURSO 2016/17

Como en anos anteriores, o programa de actividades para fomentar o emprego do galego no noso centro está reflectido na memoria do **Proxecto de fomento do uso de galego**. É de salientar que na edición do curso 2016/2017 o programa desenvolvido polo noso centro **acadou unha boa puntuación entre todos os CEIPs da Comunidade Autónoma de Galicia** recibindo uns orzamentos de **232 €** para poder polo en práctica.

Polo que se refire ás **linguas estranxeiras**, participamos no programa de seccións bilingües e no de Auxiliar de conversa cuns resultados moi satisfactorios en canto a súa aplicación. Este curso continuamos participando nos dous. A auxiliar de conversa estará no centro cun horario de 12 horas.

Asemade, a práctica totalidade das actividades realizadas no **proxecto de biblioteca** do curso pasado foron encamiñadas a traballar as dúas linguas oficiais en Galicia e a lingua inglesa. Dito proxecto de biblioteca foi un dos mellores valorados da provincia de Ourense, contando cunha achega

orxamentaria de **1000 euros**. As actividades realizadas figuran na Memoria de fin de curso da biblioteca.

B. PREVISTAS PARA O PRÓXIMO CURSO

O programa de actividades para fomentar o emprego do galego no noso centro será reflectido no **Proxecto de fomento do uso de galego**, que presentaremos ante a Secretaría Xeral de Política Lingüística nos prazos que se establezan. Asemade, acordamos participar, no programa de **seccións bilingües e de auxiliar de conversa**, que tan bos resultados acadou o curso pasado.

No Plan anual de lectura, Anexo III da PXA, figuran as actividades que desde o equipo de biblioteca se organizarán no curso 2017/2018 para traballar as tres linguas que se imparten no noso centro.

V.- APROBACIÓN.

A presente addenda ao Proxecto Lingüístico deste Centro foi presentada e aprobada por unanimidade polo Consello Escolar na reunión que tivo lugar o día 10 de outubro de 2017, do que como Secretario dou fe.

Visto e Prace

O Secretario

O Director

Asdo José Manuel Rego García

Asdo: Norberto Blanco Dorrío

VI. ANEXOS:

ANEXO

CUESTIONARIO PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO DE ED. INFANTIL

Don/Dona.....como nai/pai ou
titor/a legal do alumno/a.....,
matriculado/a no curso.....de Educación Infantil, responde á
seguinte cuestión:

Lingua materna do meu fillo ou filla:

- Galego
 Castelán Outra

Asinado:

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral desta consellería como responsable do ficheiro.



XUNTA DE GALICIA

**PLAN DE BIBLIOTECA.
PLAN ANUAL DE LECTURA.**



CURSO 2017/2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Este documento foi presentado ao Claustro e ao Consello Escolar o día 10/10/2017.

PLAN ANUAL DE LECTURA 2017-2018.

INTRODUCCIÓN

Neste curso 2017-2018, o obxectivo do centro estará posto no Plan Anual da Biblioteca como continuidade do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares iniciado no curso 2011-2012, e seguimos crendo que merece a pena poñer a énfase nel.

Este curso temos solicitado a participación a renovación do PLAMBE, a contamos en seguir formando parte do mesmo.

FUNDAMENTACIÓN

O Plan Anual da Biblioteca parte das reflexións dos cursos anteriores para elaborar as propostas para o actual, dirixindo os seus obxectivos en dúas direccións: unha, a propia actividade da biblioteca como centro para a información e a lectura cos seus obxectivos propios na organización e xestión, así como na dinamización da mesma na formación de usuarios, educación documental e fomento da lectura coas súas campañas concretas, e outra, a realización dun proxecto documental integrado (PDI) no que participa todo o centro, e co que pretendemos **Aprender a pensar facéndonos distintas preguntas: que, como, cando, onde, porque?. A través de xogos populares, a mitoloxía grega, a música de Beethoven ou a paisaxe galega**

LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS curso 2017-18

En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como laboratorio de aprendizaxe.

- Continuar co rexistro e catalogación do material impreso e audiovisual e expurgo.
- Rexistro e descarga de libros electrónicos de dominio público.
- Mantemento do blogue polo coordinador das TIC.
- Creación de carnés para os novos alumnos/as.
- Redefinir as funcións de cada quen no equipo da biblioteca.
- Realidade aumentada

En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

Despois da experiencia dos PDI doutros cursos, e do desenvolvemento neste ano, cunha duración de un trimestre nalgúns cursos e todo o ano escolar noutros “**O Sueiro, onde a lectura é arte**”, de cara ao vindeiro curso 2017-2018 pensamos desenvolver outro, aínda sen decidir, pero co compromiso de sacalo adiante, como é habitual nos anos de experiencia Plambe.

O plantexamento inicial, como continuidade destes cursos anteriores de experiencia Plambe, é que o noso **Sueiriño** viaxe a través do tempo, lugares, con personaxes, ..., e descubra os diferentes aspectos do tema a tratar.

A temporalización do mesmo queda por decidir. A principio de vindeiro curso, cando deamos forma ao noso Plan Anual de Lectura, fixaremos todos estes aspectos.

En relación coa formación de usuarios e a adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual competencia dixital)

- Presentación clara das normas de uso, horario e servizos da biblioteca.
- Complementar a guía de usuarios publicada o curso pasado e modificada xa no actual, se é necesario.
- Exposición e publicación das novidades.
- Formación do profesorado que o necesite e do alumnado.
- Continuar cun programa sistematizado para cada curso e temporalizado por trimestres, encamiñado ao desenvolvemento de habilidades, sendo quen de usar a información obtida en calquera dos soportes dos documentos.
- Nos cursos 5º e 6º E.P. incidir na importancia da selección de información á hora de elaborar traballos e proxectos, tanto de xeito individual como grupal.
- Formación para a búsqueda on-line
- Formación Tic

En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información)

- noso Proxecto Lector foi aprobado polo Consello Escolar no curso 2009-2010. Para o vindeiro curso está nos nosos plans facer unha revisión do mesmo e ver que aspectos poden ser mellorados, incluíndo as modificacións que precisa para adaptarse ao novo xeito de entender o papel da biblioteca escolar, incluíndo a lectura en soporte dixital.
- Continuar coa Hora de Ler conxunta.
- Actividades de fomento de lectura: Contacontos, concursos de creación de contos e poemas, exposicións temáticas, encontros con algún escritor,...
- Continuar coas Mochilas viaxeiras, Libros que van e veñen.
- Elaboración de materiais propios de lectura e escritura.

En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva

- Seguir coa campaña de potenciación do galego que iniciamos este curso. No noso centro o alumnado é castelán falante, con pouco interese por usar e disfrutar da nosa lingua. Ademais os nenos/as de étnia xitana teñen dificultade extrema para expresarse nela.
- Facer da biblioteca un espazo de traballo e canal para visibilizar o desenvolvemento das diferentes capacidades do noso alumnado.

Outras actuacións:

- Relacionado co punto anterior, actividades de achegamento á lingua galega de toda a comunidade educativa.
- Para todo o alumnado, intentar ampliar o seu vocabulario, xa que somos conscientes da pobreza do mesmo dos nosos alumnos/as, e a dificultade que isto supón á hora de estudar.

Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se utilizarán.

Reflectiremos a incidencia do proxecto no centro en relación coa mellora da competencia na comunicación lingüística, a adquisición de hábitos lectores, o grado de desenvolvemento das actuacións previstas, o aproveitamento dos recursos do centro, as estratexias metodolóxicas, medidas de coordinación, rendemento do equipo da biblioteca, implicación das familias e un informe no que se incluírán: número de préstamos realizados, número de rexistros, visitas no horario lectivo asignado, visitas no horario de tarde, tipo de actividades desenvolvidas.

Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

A persoa responsable da biblioteca seguirá sendo a mesma que os dous últimos cursos pertencentes ao Plambe: **M^a del Carmen Aldemira Requejo**. O equipo de apoio constituirase ao inicio do vindeiro curso, dependendo da estabilidade e compromiso dos membros da plantilla do profesorado.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

O horario previsto, coa dificultade que supón prevelo agora, será, en principio, a seguinte: A persoa responsable **dúas horas semanais**. O resto do equipo **unha hora semanal**.

RUTINAS DE LECTURA

Hora de Ler.

Vinte minutos diarios recollidos no horario de aula no que todo o centro dedica especificamente un tempo á lectura.

Actividades: Desenvolvidas polos mestres de PT e pola de AL

Ao longo deste curso 2017/2018, traballaremos na hora de ler, en 1º de Ed. Primaria, a poesía coas que perseguimos inculcar o gusto pola lectura en tempo de lecer do noso alumnado.

1º TRIMESTRE

Xogando ás adiviñas. Editorial Everest.

Al corro de las palabras. Editorial Anaya.

Panxoliñas populares.

2º TRIMESTRE

Celebramos o Día Mundial da Poesía.

12 poemas de Federico García Lorca. Editorial Kalandraka.

Versos de... Editorial SM.

3º TRIMESTRE

Versos fritos. Editorial Susaeta.

Los versos del libro tonto. Factoría K de libros.

En 2º, 3º e 6º de E. PRIMARIA

Ao longo deste curso 2017/2018, traballaremos na hora de ler, en 1º, 2º, 3º e 6º de Ed. Primaria, con historias da mitoloxía grega coas que perseguimos inculcar o gusto pola lectura en tempo de lecer do noso alumnado.

ACTIVIDADES 1º TRIMESTRE

- Dédalo e Ícaro.
- Os deuses do Olimpo.
- Prometeo.
- Lenda do Samaín.
- Teseo e o minotauro.
- Landas do Nadal:
- Babushka.
- A árbore de Nadal.

ACTIVIDADES 2º TRIMESTRE

- A Caixa de Pandora.
- Perséfone e Hades.
- Lendas de Paz.
- Lendas do entroido.
- Lenda de San Valentín.
- Aracne.
- Historia do Día da muller traballadora..
- Lecturas nos xornais.
- Obradoiro de poesía.

ACTIVIDADES 3º TRIMESTRE

- El Rey Midas.
- Eco e Narciso.
- Historia do Libro.
- Obradoiro de cómic.
- Orfeo e Euridice.
- Historia de Europa.
- Letras Galegas.
- Pigmalión e Galatea.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

E.Infantil 4º /5º

No primeiro trimestre traballaremos:

- Contos de EDUCACIÓN EMOCIONAL de tres e catro anos da ed: XERAIS.
- Contos clásicos da colección ARLEQUÍN.

No segundo trimestre:

- Contos de "Mundo maravilloso" Ed:S.M.
- Contos referentes ao espacio para o P.D.I.

-No terceiro trimestre:

- Libro de poemas de Gloria Fuertes "Versos Fritos".
- Libros de adiviñas.

Primeiro contaranse os contos e logo faránse dibuxos, representacións e algún libro.

E. Infantil 6º

Obxectivos:

- Estimular o interés pola lectura
- Favorecer o desenrolo da creatividade, atención e linguaxe.

Comenzaremos a sesión lendo o conto para todos; o mesmo tempo que verán e tocarán as ilustracións con moito cuidado.

Imaxinarán como é o protagonista e as outras personaxes do conto.

Contar o conto cas súas propias palabras e inventar outros títulos relacionados co conto.

Por último farán un dibuxo sobre o conto.

Os contos elexidos para este curso serán:

- Contos clásicos colección Arlequín.
- Colección “zoo”
- Colección” En Familia”.

1º de Ed. Primaria

Adicaremos algunhas sesións do primeiro trimestre a coñecer a biblioteca, usos e normas que nela rixen, como utilizala e o seguemento e utilización do préstamo.

- Na clase reforzaremos a lectura empregando libros en castelán e galego. O grao de dificultade das mesmas irá en función da comprensión lectora dos alumnos.

- Traballaremos tanto a lectura individual como a lectura colectiva de libros empregados en animación á lectura. Algúns poden ser de elección libre por parte do alumnado.
- Faremos un seguimento individualizado da comprensión lectora e da velocidade lectora de cada un dos alumnos.
- Lectura de textos en voz alta.
- Uso de cómics de aventuras unha vez que a lectura sexa fluída.
- De cando en vez faremos traballos plásticos relacionados con algún libro de interese para os alumnos.

2º E. PRIMARIA

Este ano realizaremos un **CONCURSO DE ANIMACIÓN Á LECTURA** polo que adicaremos parte dese tempo á lectura dos libros que elixiremos para o concurso mensual, alternando lecturas de libros en galego e en castelán . Ademais, e dentro da hora de ler, os alumnos e alumnas do 2º curso de primaria realizarán, entre outras, as seguintes actividades:

- Lectura individual dos libros escollidos.
- Lectura en voz alta e por turnos.
- Traballarán a lectura individual e colectiva de libros de interese e tamén dos de libre elección pola súa parte.
- Actividades relacionadas conoso PDI “ Os xogos populares como medio de aprendizaxe”
- Confección de historias en viñetas
- Confección de sinxelas poesías.
- Sinxelas dramatizacións sobre algún dos libros
- Traballos plásticos sobre libros de interese.
- Uso de revistas e cómics.
- Reforzo da súa lectura e comprensión oral .
- Uso de libros en galego e en castelán.
- Na lectura de libre elección por parte do alumnado entrarán tanto libros propios da casa como os de préstamo da biblioteca do centro.

Temporalización: 1º e 2º trimestre.

Obxectivos:

- Mellorar a lectura (comprensión e expresión lectora).
- Afianzar valores (amizade, verdade, respecto).
- Favorecer a expresión plástica.
- Coñecer algo sobre a vida do autor.
- Coñecer e aceptar a propia identidade.
- Valorar a amizade e o compañeirismo.
- Ampliar o vocabulario a través do conto.
- Actuar con autonomía na vida cotiá e nas relación de grupo.

Actividades:

- Ler o conto en distintas versións.
- Dramatizar algún episodio do conto.
- Colorear debuxos do conto.
- Ver algunha película do conto.
- escoitar o conto.

3º DE E. PRIMARIA

Ao longo do curso faremos lectura compartida libros en galego e en castelán, tanto de narrativa como de poesía:

- La mosca Tosca
- Delfines amigos- Mary Pope Osborne Edt. SM
- Aventura en el Ártico- Mary Pope Osborne Edt. SM
- pastor das landras- Santiago Barros
- A bruxiña da sorte.
- Versos para ler con paraugas.
- Paseando junto a ella- Georgina Lázaro.
- Prensa, con comentarios sobre o tempo atmosférico na nosa comunidade.

No proxecto de METEOROLOXÍA teremos que ler varios libros editados pola

AEMET e que servirán de base ao noso proxecto.

ACTIVIDADES

- Lectura colectiva
- Explicación das palabras que non saben o seu significado.
- Realización individuais e colectivas de mini contos coas palabras aprendidas.
- Realización de debuxos sobre os textos lidos.
- Dramatización de partes do texto.

4º de Educación Primaria

- **Libros que traballaremos**
- “Rita y los ladrones de tumbas
- “Escuela de Superhéroes”
- “Breve historia de los números 2

Desempeños
Individual ¿preguntas sobre las lecturas que vamos leyendo? Escribe la respuesta y compártela con tus compañeros.
Individual ¿preguntas sobre las lecturas que vamos leyendo? Escribe la respuesta en tu cuaderno con un dibujo.
Grupo clase Realizad un mural con dibujos sobre los libros que vamos leyendo
Grupo clase : Concurso de preguntas sobre los libros que leemos
Grupo Realizad un <i>collage</i> utilizando un tema sacado de uno de los libros (<i>podéis emplear diferentes materiales</i>), intentando ser creativos y originales.

Trabajaremos también las descripciones de personas , animales ,
objetos , paisajes...

Desempeños
Individual Escribid, de manera individual, una descripción breve de cada uno de los animales que el profesor le enseña
Individual Escribid, de manera individual, una descripción breve de cada uno de los personas que el profesor le enseñ
Individual Escribid, de manera individual, una descripción breve de cada uno de los objetos que el profesor le enseña
Individual Escribid, de manera individual, una descripción breve de cada uno de los paisaxes que el profesor le enseña

Traballaremos tamén a poesía

Lúa de Antonio Capilla.

Desempeños
Traballaremos a poesia a partir do libro Lúa

Poema: Margarita está linda la mar.

Temporalización: 1º e 2º trimestre.

Obxectivos:

- Mellorar a lectura de poesías (comprensión e expresión lectora).
- Favorecer a expresión plástica.
- Coñecer algo sobre a vida do autor.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

- Valorar a amizade e o compañeirismo.
- Ampliar o vocabulario a través da poesía.
- Actuar con autonomía na vida cotiá e nas relación de grupo.

Actividades:

- Ler o poema.
- Dramatizar algún estrofa do poema.
- Colorear debuxos do poema.
- escoitar o poema.

5º E. PRIMARIA

Todos os mércores, lectura e comentario dalgunha noticia de interese para o alumnado do xornal “La Voz de Galicia”, co fin de coñecer e discutir sobre os temas de actualidade.

Na hora de ler, que se realiza todos os días de 12.00 a 12.20 utilizaremos os seguintes libros:

1º trimestre: libros comúns a todos os nenos e nenas.

- **Castelán:** *Números pares, impares e idiotas. Barco de Vapor.*
- **Galego:** *Elección libre por parte do alumnado.*
- **Castelán:** *Nuevas aventuras de Fray Perico. Ala Delta.*
- **Galego:** *Elección libre por parte do alumnado.*

2º trimestre: lectura pautada en castelán a través da selección dunha colección. Ao final da quincena cada alumno/a contará o que mais lle gustou do seu libro. A continuación procederase ao intercambio de libros entre todo o alumnado utilizando a mesma colección. A colección seleccionada e:

Gerónimo Stilton

3º trimestre: lectura pautada en galego a través da selección dunha colección. Ao final da quincena cada alumno/a contará o que mais lle gustou do seu libro.

A continuación procederase ao intercambio de libros entre todo o alumnado utilizando a mesma colección. A colección seleccionada é:

Kika Superbruxa.

Obxectivos:

- Mellorar a lectura (comprensión e expresión lectora).
- Afianzar valores (amizade, verdade, respecto).
- Favorecer a expresión plástica.
- Coñecer algo sobre a vida do autor.
- Coñecer e aceptar a propia identidade.
- Valorar a amizade e o compañeirismo.
- Ampliar o vocabulario a través do conto.
- Actuar con autonomía na vida cotiá e nas relación de grupo.

Actividades:

- Ler o conto en distintas versións.
- Dramatizar algún episodio do conto.
- Colorear debuxos do conto.
- Ver algunha película do conto.
- escoitar o conto.

- Traballaremos coa prensa analizando noticias. Miraremos, asemade, como a mesma noticia pode ser interpretada de diferentes xeitos dependendo da persoa que a lea.

6º E. PRIMARIA

OBXECTIVOS:

Contribuír ao fomento do gusto pola lectura.

ACTIVIDADES:

- Realizar buscas en internet.
- Realizar lectura individual, elixindo un libro da biblioteca e ao remate cumprimentando unha ficha.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

- Propoñer a lectura de libros, por quedas cada alumno/a elixirá un libro. A súa lectura será colectiva, ao remate farase un coloquio – debate do mesmo.

ÁREA DE INGLÉS

I.- HORA DE LER

Na medida das posibilidades de *reading* dos nosos alumnos/as, incorporarámonos dende a nosa área ao plan anual de lectura.

En cada unidade dos distintos cursos de E. Primaria integramos a lectura dun breve conto ou historia que reúne os *topics* que nos interesan en cada caso e esperten o interese e gusto pola lectura dos alumnos/as.

Ademais destas breves historias intentaremos ler outros contos que teñan que ver co tema, tendo en conta cun mesmo libro pode servir para varias unidades e cursos. Tamén contaremos con libros adaptados en cada caso ao nivel para os *fast finishers* ou os que necesitan reforzo.

5º E. Primaria.

Na **Hora de Ler**, “La puerta secreta del Museo del Prado”, Ed. Edebé.

Será un proxecto de lectura cooperativo que servirá como complemento ao proxecto de ensino CLIL no 1º e 2º cursos de Primaria na área de plástica.

6º E. Primaria.

- “Gerónimo Stilton. Enigma en el Prado”, Ed. Destino
- -“Los robos nocturnos en el museo del Prado”, Ed. San Pablo.
- “El pirata Garrapata en el Museo del Prado”, Ed. SM.
- “El sueño de un museo: Una aventura en el Prado”, Ed. de la Torre.

Será un proxecto, de inicio, de lectura individual, que servirá como complemento ao proxecto de ensino CLIL no 1º e 2º cursos de Primaria na área de plástica.

RECURSOS HUMANOS

Todo o claustro de profesores/as forma parte do equipo de biblioteca, dado que todos os membros do mesmo están implicados nos proxectos do centro.

Horario equipo biblioteca.

Sete membros do equipo dispoñen no seu horario de dúas sesións semanais de adicación ás tarefas da biblioteca e outros sete unha hora, necesarias para o seu bo desenvolvemento.

Tres mestres deste equipo serán os responsables do préstamo no seguinte horario:

- Mércores, 12:20 – 13:10 : 1º, 2º e 3º cursos de E.Primaria.
- Mércores, 13:10–14:00: 4º,5º e 6º cursos de E.P.
- Xoves, 09:00 – 09:50 : E.I.

Outros tres mestres formarán aos usuarios de xeito específico, aínda que os tutores afianzarán eses aprendizaxes.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

HORARIO EQUIPO BIBLIOTECA.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00	MACU		P. IGLESIAS		
9:50					
9:50		MARÍA		P. CARBALLO	A. GONZÁLEZ
10:40					
10:40	MARA		MARÍA COORD..	A. CARBALLO	
11:30	AURORA				
12:20	A. OTERO	BELÉN ½			MARÍA
13:10					
13:10	REGO	TOÑO	NORBERTO		BELÉN ½
14:00					OLGA

- **Hora de Ler.**

Cada titor/a dispón de tres sesións de vinte minutos na Hora de Ler. Os/as especialistas teñen as tres sesións nas diferentes titorías.

HORARIO HORA DE LER.

12:00 12:00	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
E.I. ¾	OLGA	BELÉN.	ANA C.	ANA C.	OLGA
E.I. 5	OLGA	BELÉN.	PILAR C	PILAR C	OLGA
1º E.P.	MARA	A.OTERO	MARA	A.OTERO	A.OTERO
2º E.P.	J.A. REGAL	J. A. REGAL	NORBERTO	J.A. REGAL	ALFONSO G.
3º E.P.	NORBERTO	MARÍA	MARÍA	MARÍA	NORBERTO
4º E.P.	MACU	MACU	ALFONSO G.	ALFONSO G.	MACU
5º E.P.	PILAR I.	J.M. REGO	PILAR I.	J.M. REGO	J.M. REGO
6º E.P.	AURORA	P. IGLESIAS	AURORA.	AURORA	BELÉN

ACTIVIDADES PROGRAMADAS

- **Programa de formación de usuarios:**

Programa sistematizado por ciclos e temporalizados por trimestres, sendo quen de usar a información obtida en calquera dos soportes dos documentos.

EDUCACIÓN INFANTIL

1º TRIMESTRE

OBXECTIVOS.COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
<ul style="list-style-type: none">- Distinguir a biblioteca escolar da de aula.- Localizar a biblioteca no espazo escolar e familiarizarse con ela.	<ul style="list-style-type: none">- Visita á biblioteca escolar e coñecer os seus recunchos.
<ul style="list-style-type: none">- Coñecer as normas de comportamento na biblioteca.	<ul style="list-style-type: none">- Dialogar sobre as normas de conduta.
<ul style="list-style-type: none">- Recoñecer os documentos que podemos atopar: libros, revistas, audiovisuais,...	<ul style="list-style-type: none">- Clasificar os documentos en función dos soportes.

2ºe 3º TRIMESTRES

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
<ul style="list-style-type: none">- Recoñecer e manter a orden a biblioteca.	<ul style="list-style-type: none">- Realizar xogos clasificatorios e colocar os libros nos seus andeis correspondentes.
<ul style="list-style-type: none">- Expresar oralmente as necesidades de información ou lectura e o obxectivo das mesmas.	<ul style="list-style-type: none">- Dialogar cos alumnos/as en torno a contos e a información.
<ul style="list-style-type: none">- Iniciarse no hábito de consultar libros.	<ul style="list-style-type: none">- Buscar información gráfica nos libros seleccionados.

EDUCACIÓN PRIMARIA. 1º e 2º cursos.

1º TRIMESTRE

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
- Coñecer a función da biblioteca e os seus servizos	- Visitar a biblioteca escolar.
- Introducir as distintas función de información e lectura que poden ter os documentos.	- Seleccionar contos, narracións e libros de consulta e comparar as informacións.
-Recoñecer os elementos que identifican os documentos: título, autor, ilustrador.	- Cumprimentar unha ficha.
- Coidar e respectar os materiais e recursos.	- Elaborar un listado de accións para coidar os materiais da biblioteca.

2º e 3º TRIMESTRES

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
- Identificar as partes físicas dos impresos: portada, cuberta, contracuberta,...	- Complimentar ficha.
- Adquirir o concepto de colección.	- Xogos por grupos.
- Relacionar imaxes e texto nos libros de coñecemento.	- Relacionar ilustracións con pés de texto.

EDUCACIÓN PRIMARIA. 3º e 4º cursos

1º TRIMESTRE

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
- Dominar o espazo da biblioteca e as súas seccións.	- Debuxar un plano da biblioteca.
-Coñecer a CDU e as signaturas dos libros.	- Relacionar libros con signaturas.
-Clasificar os libros polos dous grandes apartados: De ficción (N,T,P) e non ficción (biografías, deportes,...)	- Localizar os distintos tipos de libros nos andeis e deducir a temática.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

2º e 3º TRIMESTRES

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
- Diferenciar entre os distintos dicionarios: de sinónimos, visuais, temáticos,...	- Cumprimentar ficha.
- Asimilar conceptos relacionados co dicionario: entrada, definición, abreviatura,...	- Fichas e xogos alusivos.
- Saber usar indicadores de contido de documentos: sumarios, menús de documentos electrónicos,...	- Analizar os materiais.
- Manexar as obras propias do seu nivel.	- Comparar as información obtidas na busca das obras de referencia.

EDUCACIÓN PRIMARIA. 5º e 6º cursos.

1º TRIMESTRE

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
- Comprender o sistema de clasificación da CDU.	- Clasificar en función da CDU.
- Identificar os elementos dunha ficha.	- Cumprimentar a ficha correspondente.

2º e 3º TRIMESTRES

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
-Coñecer os sistemas de busca nos buscadores de internet, o seu uso e os seus elementos de conexión.	- Realizar búsquedas en internet.
- Coñecer a estrutura dos libros informativos e a función dos seus elementos: bibliografías, glosarios, cronoloxía,...	- Identificar nun libro: glosario, gráficos, pés de páxina,...
- Citar as fontes na búsqueda documental.	- Cumprimentar unha ficha.

Proxectos Documentais Integrados:

Será unha acción de dinamización lectora e como estimulación de novas formas de aprender e de transformar a información en coñecemento, como queda reflectido no apartado adicado á dinamización: educación para o acceso á educación documental, aprendendo a quedarnos co que realmente é importante e eliminar a información superflua, sendo críticos coa antedita información, ademais de favorecer o traballo colectivo.

Aprenderemos a localizar información a través de distintos soportes e materiais, desenvolvendo as competencias lectoras en todas as áreas do coñecemento de libros de ficción, de información e outros documentos.

Neste curso 2017-2018 desenvolveremos o noso PDI como continuidade destes seis cursos anteriores de experiencia Plambe, no que maioritariamente, o Claustro do Profesorado, avaliou moi positivamente nas súas memorias, o traballo desenvolvido dende a biblioteca.

Así dispoñémonos a continuar as viaxes emprendidas no:

Sueiriño I (curso 2011-2012), "Os romanos chegan a Ourense",

Sueiriño II (curso 2012-2013), "As froitas navegan polo mar da saúde",

Sueiriño III (curso 2013-2014) "Benvida a vosa merced ao reino de Leo".

Sueiriño IV (curso 2014-2015), " Mergúllate nun mar de números ".

Sueiriño V (curso 2015-2016) " Galicia arrecende a aventura ".

Sueiriño VI (2016-2017) "O Sueiro onde a lectura é arte".

Lembrando sempre que: "Para viaxar lonxe, non hai mellor nave cun libro"
(Emily Dickinson)

Dispoñémonos pois a subir ao *Sueiriño VII "O Sueiriño, cada latexo un pensamento"*.

PDI VII: “ CADA LATEXO, UN PENSAMENTO ”

4º - 5º EDUCACION INFANTIL

EU PREGÚNTOME...O ESPAZO.

Despois de visitar a biblioteca os nenos e nenas empezaron a preguntar porqué había un astronauta alí, polo que comezamos a buscar libros referentes a dito tema:

- A qué sabe a lúa? Ed. Kalandraka.
- Libro de mentes curiosas: yo me pregunto...el espacio (Usborne).
- Como atrapar unha estrela (Oliver Jeffers)

Decidín que o PDI sería sobre o universo.

OBXECTIVOS

- Iniciar ao alumnado no coñecemento do sistema solar: o sol, os planetas, as estrelas...
- Coñecer os nomes dos planetas.
- Saber para que serven as naves espaciais.
- Fomentar a curiosidade e o desexo de mergullarse nos coñecementos referentes aos fenómenos astronómicos.
- Favorecer a observación.
- Axudar a que os nenos expresen as súas propias ideas e teñan acceso ás dos seus compañeiros.
- Darlles a oportunidade de que investiguen, pensen e dean solucións a distintas situacións.
- Fomentar o gusto polos libros.
- Ser capaces de aprender distintas rimas e cancións.
- Diferenciar situacións espaciais (diante, detrás, preto, lonxe...)

- Ordear atendendo ás medidas grande, pequeno, mediano.
- Desenvolver a súa creatividade.

ACTIVIDADES

- Ler na biblioteca o libro de mentes curiosas "Yo me pregunto...El espacio". Ed. Usborne.
- Proxección do conto "Lupito el astronauta".
- Conversa e debuxo do conto.
- Contarlles o conto " Como atrapar unha estrela".
- Facer o libro do conto.
- Decoración da porta da aula cun astronauta, unha nave espacial, os planetas e as estrelas.
- Aprender a canción "Los planetas".
- Cantamos a canción dos planetas de Enrique y Ana.
- Decorar os planetas e ordealos de maior a menor.
- Pintamos un astronauta a tamaño natural e facemos fotos na que cada neno sairá disfrazado de astronauta.
- Pintar estrelas e ordenalas de maior a menor.
- Colocar planetas preto e lonxe do Sol.
- Facer conxuntos coas estrelas.
- Construír planetas con bolas de porespán e colocalas nun armazón dun paraugas para ver como xiran.
- Para o Entroido, disfrazarémonos de astronautas e construiremos unha nave espacial.
- Aprenderemos pequenos trabalingüas e adiviñas sobre o universo.

6º ED. INFANTIL

“CONSTRUÍMOS ROBOTS”

Este proxecto traballarémolo no terceiro trimestre do curso.

OBXECTIVOS:

- Desenvolvemento da creatividade
- Comparar o seu esquema corporal co dos robots que construíron
- Coñecer e clasificar formas e tamaños.
- Discriminación e trazo das letras que forman os nomes dos seus Robots.

ACTIVIDADES:

- Elixir un robot e pintalo para o mural da porta
- Decorar libremente con plastilina, gomets ...etc.
- Construír puzzles de robots.
- Recortar e clasificar as formas xeométricas que o compoñen.
- Formar con letras o nome do seu robot e os dos seus compañeiros
- Explicar cada neno a función que terá o seu
- Inventar un conto entre todos cuxo protagonista sexa un robot.

1º E. PRIMARIA:

“O DOMINÓ”

Neste curso os alumnos de primeiro traballarán nun proxecto titulado: “**O dominó**” para aprender a pensar”.

Obxectivos:

- Que os alumnos adquiran estratexias de razoamento lóxico a través da utilización dun dominó clásico e de outros dominós.
- Deducir elementos dunha serie: seguir unha serie, atopar o término que falta no medio de dous elementos da serie...
- Participar no xogo respectando aos demais e asumindo que se pode perder ou ganar.
- Adquirir axilidade no cálculo de sumas e restas.

Actividades:

- Na porta de entrada á aula colocaremos una gran ficha de dominó coas caras dos oito alumnos/as, seis nenos e dúas nenas. A ficha será o seis – dous.
- Realizar operacións de sumar e restar co dominó.
- Establecer equivalencias.
- Comparar.
- Ordenar.
- Asociar.
- Facer series.
- Xogar.

Temporalización:

- Durante todo o curso.

2º CURSO:

“ OS XOGOS POPULARES COMO MEDIO DE APRENDIZAXE ”

Este ano como actividade para o PDI do centro os alumnos e alumnas de 2º curso traballarán o tema “ **Os xogos populares como medio de aprendizaxe**”. A partir do tema elixido os alumnos e alumnas de 2º curso achegaranse ao mundo dos xogos populares galegos como medio de aprendizaxe e ao coñecemento moi básico dos distintos xogos e a súa utilización como forma de aprender.

OS XOGOS

a	B6.1. Descubrimiento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.	B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.
b			
k			
m	B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse a outros en que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.		EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.
	<ul style="list-style-type: none">• B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas.		
	B6.4. Confianza nas propias posibilidades e esforzo nos xogos, con aceptación das limitacións persoais.		
d	B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas.	B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.
-			
-	B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia.		
-	Descubrimiento de xogos interculturais.		
	B6.7. Práctica de xogos libres e organizados.		EFB6.2.2 Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.
			EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia

segundo as regras básicas.

K l m o	B6.8. Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.	B6.3. Manifestar cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural. EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.
------------------	--	--	--

3º CURSO:

POR QUE MORREN TANTOS PEIXES?

Estudaremos neste curso a contaminación de ríos e mares e trataremos de dar explicación a esta, e outras preguntas. Buscaremos que podemos facer individualmente, nas nosas casas, para evitala.

Estarán presentes todas as áreas do currículo de 3º de primaria nas distintas actividades a levar a cabo para conseguir e teremos en conta as distintas competencias básicas

Partindo dos coñecementos previos que ten o alumando propoñemos o seguinte:

Obxectivos

- Coñecer os compoñentes que contaminan os ríos.
- Coñecer os compoñentes que contaminan os mares.
- Distinguir contaminación natural da provocada polo ser humano.
- Coñecer algunhas consecuencias da contaminación nos animais e nas plantas.
- Coñecer algunhas consecuencias da contaminación no ser humano.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Contidos

- Coñece os elementos contaminantes dos rios e mares
- Recoñece a importancia da conservación dos ecosistemas.
- Coñece os elementos naturais contaminantes.
- Busca solucións para reducir ou evitar a contaminación
- coñece as repercusións da contaminación na nosa saúde.

Estándares de aprendizaxe

- Identifica os distintos elementos contaminantes das nosa augas.
- Obtén información a partir da observación
- Usa o ordenador para obter información
- Mostra respecto polo medio ambiente

Actividades

- Realización dun mural representando os efectos da contaminación de mares e ríos
- Elaboración dun libro onde recolleremos todo o aprendido.

Avaliación do alumando

	SI	NON	POUCO
Gustouche o tema de traballo?			
Aprendiches moitas cousas?			
Foi difícil estudar desta maneira?			
Gustaríache facer mais traballos así?			

Temporalización

- Ao longo de todo o curso

4º CURSO:

Traballaremos no PDI sobre **Beethoven**

5º CURSO

“TRABALLO EN EQUIPO: SUPERANDO AS DIFICULTADES ENTRE TODOS E TODAS ”

Neste curso, o P.D.I. do centro ten como lema “A biblioteca escolar: ensinando a pensar”, O grupo de 5º de Educación Primaria vaise centrar no tema **Traballo en equipo: superando as dificultades entre todos e todas**, para o cal utilizaremos a literatura infantil centrada en 11 contos da editorial SM.

Obxectivos:

- Fomentar o respecto e a amizade entre os distintos nenos e nenas da clase, independente das súas características persoais.
- Establecer un diálogo no que se destaquen actitudes que favorezan a solidariedade.
- Comentar as actividades positivas e negativas dos nenos e nenas: na aula, no patio, no ximnasio, nos servizos e nas escaleiras.
- Comentar os temas que afán asociarse explicar accións nas que se vexan reflectidas.
- Comentar a importancia do voluntariado, fomentando hábitos de colaboración e altruísmo.
- Afianzar nos alumnos a capacidade de elección e de toma de decisións propias, estimulando un espírito crítico e reflexivo.
- Descubrir as capacidades e limitacións persoais para favorecer o intercambio e a convivencia.
- Desenvolver condutas de socialización.
- Aprender a descubrir o mellor de cada un para lograr a autoconfianza e a autoestima.

- Resolución non violenta de conflitos:
- Promover o diálogo e desenvolver técnicas para alcanzar o consenso.
- Lograr a aceptación da diversidade e a non discriminación.
- Progresar na adquisición das pautas do traballo en equipo.
- Potenciar a empatía para facer fronte á indiferenza.
- Analizar condutas sociais que determinan a marxinação e poñer en marcha alternativas.
- Asumir compromiso de revisar e mellorar actitudes e valores.

Contidos.

- Pautas para o logro do consenso.
- Características do traballo en equipo.
- Contidos dos Dereitos Humanos e Dereitos do Neno.
- Estudo da riqueza artística do noso país: museos, xardíns, monumentos, bibliotecas.
- Valores da convivencia humana.
- Realización de dinámicas nas que, por grupos, discútanse os contidos daqueles Dereitos Humanos que cada un xulgue máis importantes, tratando de contrapoñer opinións para impulsar a autocrítica e a reflexión.
- Establecemento entre todos os alumnos de solucións non violentas a algúns dos problemas que máis afectan á clase.
- Realización de xogos e dinámicas que impliquen a interrelación de todos os alumnos da clase e favorezan o seu achegamento e contacto.
- Interese por traballar en equipo, capacidade de valoración do esforzo e traballo dos compañeiros.
- Grao de participación nestas actividades e conduta no traballo cos compañeiros.
- Capacidade para manter un diálogo: escoitar, comprender e comunicar.
- Descubrimento das capacidades persoais: autoestima.
- Aceptación no grupo de todos os membros e non marxinação.

- Toma de conciencia da importancia de reflexionar e analizar as opinións dos demais como paso previo á exposición das nosas.

Actividades

- Pautas para o logro do consenso a través dos debates e intercambios de opinións sobre os libros lidos.
- Traballo dos Dereitos Humanos e Dereitos do Neno, no mes de novembro.
- Estudo da riqueza artística do noso país: as bibliotecas.
- Valores da convivencia humana: traballo en equipo e superación de dificultades.
- Establecemento entre todos os alumnos de solucións non violentas a algúns dos problemas que máis afectan á clase, tomando como referencia os libros lidos.
- Interese por traballar en equipo, capacidade de valoración do esforzo e traballo dos compañeiros, como aspecto básico para a solución de problemas.
- Grao de participación nestas actividades e conduta no traballo cos compañeiros á hora de describir os libros lidos.
- Capacidade para manter un diálogo: escoitar, comprender e comunicar.
- Descubrimento das capacidades persoais: autoestima a través da literatura infantil.
- Aceptación no grupo de todos os membros e non marxinação como aspecto básico e fundamental dun grupo unido.
- Toma de conciencia da importancia de reflexionar e analizar as opinións dos demais como paso previo á exposición das nosas, sendo realizadas quincenalmente.

Metodoloxía e recursos utilizados:

A metodoloxía de traballo será a lectura individual e en voz baixa, ben na aula o no súa casa dos libros que cada un dos nenos e nenas elixan libremente de cada un dos once libros dos que dispón o PDI. Cada quince días realizarase a posta en común de cada un dos libros, mostrando os temas tratados e como os protagonistas os foron solucionando. Dita exposición permitirá ao resto do seus compañeiros/as a elección do libro que máis lle guste.

Os contos seleccionados son os seguintes:

- 1º) Siete reporteros y un periódico. Pilar Lozano Carballo. Editorial SM.
- 2º) El club de los raros. Jordi Sierra i Fabra. Editorial SM.
- 3º) Sito Kesito y su robot gigantesco contra los mosquitos mutantes de Mercurio. Dav Pilkey. Editorial SM.
- 4º) El libro de Hanna. Santiago García Clairac. Editorial SM
- 5º) ¿Dónde están los leones? Mary Pope Osborne. Editorial SM.
- 6º) Esta noche en el Titanic. Mary Pope Osborne. Editorial SM.
- 7º) Escapada al Amazonas. Mary Pope Osborne. Editorial SM.
- 8º) Detectives en chanclas. Paloma Muiña Merino. Editorial SM.
- 9º) Donde nace el sol. Federico Villalobos. Editorial SM.
- 10º) Insu-Pu: la isla de los niños perdidos. Mira Lobe. Editorial SM.
- 11º) El amanecer de los vikingos. Mary Pope Osborne. Editorial SM.

Avaliación:

Para avaliar o resultado utilizaremos a seguinte táboa de dobre entrada, sendo avaliada por cada un dos alumnos/as e polo docente. A táboa indícase os seguintes aspectos (SI (S), NON (N), Mellorable (Me)).

Avaliación profesorado:

	S	N	Me
A experiencia resultou satisfactoria?			
Cal foi o sentir do alumnado?			
Os nenos/as foron protagonistas?			
Participaron as familias?			
O alumnado expuxo o seu proxecto?			
Foi axeitada a temporalización?			
Acadáronse os obxectivos específicos propostos?			
As actividades resultaron atractivas?			
Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados?			
A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben?			
Desenvolvemos os obxectivos iniciais?			
O proxecto aplicase a vida cotiá do alumnado?			

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Avaliación do alumnado:

	S	N	Me
A experiencia resultouche satisfactoria?			
Te consideraches que fuches o protagonista da actividade?			
A túa familia axudouche a entender os libros?			
Fuches quen de expoñer o proxecto ante os teus compañeiros/as?			
Deuche tempo a ler cada un dos libros?			
Fuches capaz de resolver os problemas que se lle presentaban a cada un dos personaxes?			
Gustáronche os libros?			
Serías capaz de aplicar o que aprendiches para conseguir novos amigos/as?			
Gustouche a maneira de traballar os contos a través do diálogo e o intercambio cos compañeiros/as?			
Resultouche interesante o que liches nos libros?			

6º E. PRIMARIA

GALICIA TERRA DE MOITAS PAISAXES

1. Temporalización. Un trimestre

2. Obxectivos.

Pensar, definir que é a paisaxe?

Diferenciar, pensar e aprender os distintos elementos na paisaxe dunha aldea, vila e cidade.

Contribuír o estudo dos distintos planos dunha aldea, vila e cidade.

3. Contidos.

Estudo dos elementos na paisaxe dunha aldea, vila e cidade.

Estudo dos distintos planos da aldea, vila e cidade.

Estudo das distintas actividades das persoas nas distintas paisaxes.

4. Actividades.

Colorear a lenda e logo o esbozo dun mapa topográfico dunha aldea, vila e cidade.

Realizar lecturas individuais do tema , sobre as actividades das persoas nas distintas paisaxes.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Lectura, resumo e debuxo do conto "A viaxe de Ulo"

Facer en plastilina os distintos elementos da paisaxe dunha aldea, vila e cidade.

Realizar unha ficha coa definición da paisaxe e o debuxo.

ÁREA DE E. FÍSICA: XOGAR A PENSAR

Xustificación:

O obxectivo principal desta proposta, será a de propoñer xogos e actividades dirixidas cara á potenciación do razoamento e **pensamento** lóxico na etapa de primaria a través do xogo.

Relación co currículo:

Obxectivos:

- Desenvolver a capacidade de **pensar** e actuar considerando diferentes perspectivas, incluso dende puntos de vista descoñecidos para eles.
- Disfrutar "**pensando**".
- Desenvolver a linguaxe oral e a expresión.
- Iniciarse no uso de técnicas de autocontrol e autoavaliación.
- Utilizar habilidades e destrezas básicas para resolver situacións fóra do entorno habitual.
- Adaptar as habilidades básicas ás distintas situacións plantexadas.
- Recrear xogos onde adopten as súas habilidades ao ritmo da música.

Contidos:

- As nocións topolóxicas básicas: adiante-atrás, enriba-debaixo, dentro-fóra, esquerda-dereita.
- As distancias: cerca-lonxe, agrupación-dispersión.

- Realización das actividades propostas aumentando o grao de dificultade e introducindo relacións con respecto a un obxecto non orientado.
- Cooperación na resolución de retos comúns.
- Composición de movemento ó ritmo dunha música establecida.

Competencias clave:

- Aprender a aprender: resolve problemas meditando primeiro as posibles solucións e as posibles consecuencias das súas accións.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico: Emprega nocións espaciais básicas a través do movemento e a interacción coa contorna próxima.
- Competencia matemática: calcula distancias entre si mesmo e un obxecto ou entre dous compañeiros.
- Tratamento da información e competencia dixital: Enfróntase a situacións que ten que resolver individualmente interpretando as informacións que lle chegan e favorecendo o proceso de toma de decisións.

Estándares de aprendizaxe:

- Amonsa autonomía e confianza ante as situacións propostas, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.
- Explica ós seus compañeiros as características e dificultades dun xogo e da súa posible solución ós seus compañeiros.
- Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espacio-temporais.
- Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espacio-temporais.,
- Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais individualmente, en parellas ou grupos tendo como referencia unha figura.

Estratexias metodolóxicas:

- Empregarase a resolución de problemas e como recurso metodolóxico o xogo.
- Que impliquen cognitivamente ó alumno e fomenten a súa capacidade resolutiva.
- Que favorezan a socialización e participación nos diferentes agrupamentos nos

xogos.

- Que integren a transmisión de aprendizaxes entrelazados.

Avaliación:

- Conductas a observar.-
- Escala de observación
- Aporta solucións ós problemas propostos.
- Responde ós problemas motores propostos con estratexias grupais.
- Pensa e transmite diferentes solucións co seu corpo, pensando nas posibles solucións.
- Adapta o movemento ás circunstancias do mesmo e do grupo para resolvelo o máis eficaz posible.
- Participa activamente nos xogos e actividades propostas.
- Distinguir solucións eficaces e non efectivas.
- Recoñecer que solución entre as posibles é a mellor.
- Situar o seu corpo e adaptar a resposta motriz ó reto proposto.
- Adecuar os movementos a un ritmo e música establecida para conseguir un reto común.
- Distinguir e elixir a solución máis axeitada a cada reto motor proposto.
- Observacións.

Proposta de xogos

A pasar o aro

Colocados en círculo, agarrados todos da man e previamente introducindo un aro antes de agarrarse, deberán transportar o aro, entre os seus corpos sen soltar as mans, **pensando** de que forma é posible e como é a forma máis fácil de facelo. Entre todos, falando e poñéndose de acordo poden suxerir ideas de como é mellor. O aro debe moverse entre todos os compañeiros, sen soltar as mans ata chegar ó lugar inicial de comezo.

A pasar o círculo

Colocados en círculo, en grupo, uns cinco o seis alumnos, deberán introducirse de un en un dende fóra do círculo ata dentro sen que se solte o círculo coas mans dos compañeiros entrelazadas para poder atravesalo, axudándose dos compañeiros para poder atravesalo por riba das mans que conforman o círculo. Deberán **pensar** de que formas o poden facer ata chegar a unha conclusión entre todos, de forma que a acción sexa cooperativa para todos e consigan o reto de atravesalo, incluído o último.

Formas cos obxectos

Con material diverso, (aros, cordas, xiz, etc...) deberán formar en conxunto símbolos ou representacións en forma de círculo, como por exemplo o emblema dos Xogos Olímpicos, un túnel, unha flor con pétalos,...

A conquista do círculo

Debúxase un círculo no chan con xiz ou cun aro e estando en parellas, un dentro e outro fóra do mesmo, deberá intentar chegar a atravesalo para meterse dentro e lograr esquivar ou distraer ó compañeiro ata conseguilo.

O come galletas

Cada un dos xogadores deberá debuxar un círculo no chan con xiz e situarse dentro del como se fose a súa galleta. Cada un collerá un anaco de xiz a maiores na aman.

O xogo comeza cando se dio nome dun alumno, este deberá ir buscar un taco de madeira que previamente o que comezou o xogo lanzou antes, recollela e volver rapidamente cara a súa galleta, para que ós seus compañeiros nos lles dea tempo a comela pintándolla a mordiscos co xiz que teñan en forma de ondas.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Trátase de comer todas as galletas con forma de ondas (mordiscos) e que te coman o menos posible a túa. Unha vez que que te nomean, es o seguinte cando voltas á túa galleta, de dicir que é o afortunado e de lanzar o taco o máis lonxe posible.

A estratexia consiste en **pensar** a quen nomear para ir pouco a pouco comendo a dos demais e non a nosa; dicir a que está máis alonxada da nosa, a que ten menos anaco comido.

Rato e gato

Agarrados das mans e sen soltarse, un está por fóra libre e fará de gato que persigue ó rato que comezará a fuxir dende dentro tamén solto, entre as ventás que deixarán os seus compañeiros que son os espazos entre as mans ó estar agarrados en círculo. Trátase de que o rato fuxa entre as ventás, entrando e saíndo e que o gato, realice o mesmo percorrido sen equivocarse, ó mesmo tempo que intenta atrapalo.

As traxectorias de dirección e velocidade, deberán axustalas, para evitar que o pille, e para elo debe **pensar** cal é a mellor estratexia para despístalo e que non o alcance.

Composicións copiando un modelo

Essta actividade está pensada para introducir xogos como o seu propio nome indica, seguindo un modelo, pode facer diferentes formas, estruturas, dende unha forma inicial ata unha complexa e final

ÁREA DE INGLÉS:

PDI de centro: “O Sueiriño, cada latexo un pensamento”.

Desde a nosa área contribuiremos ao PDI do centro cun proxecto desenvolvido ao longo do curso en **E. Infantil**, titulado:

“THE BLUE FAIRY”
Talk once
Listen twice
Think many, many times
And ...
BREATHE!

Intentamos con este proxecto incorporarnos ao proxecto de centro adicado a “Aprender a pensar coa biblioteca escolar”, lema promovido polas BE da Consellería.

Entendendo a importancia e necesidade desde ben novos de coñecer e xestionar as nosas emocións, sensacións e desexos, propomos este proxecto como un achegamento a esas actitudes amables, curiosas e críticas, co obxectivo final de ser quen de xestionalas.

Sendo este un obxectivo tan ambicioso, o noso propósito é iniciarnos nese achegamento cos nenos/as de E. Infantil.

Intentaremos no proxecto, abarcar as como. propias da etapa, así como as diferentes áreas de coñecemento e experiencia, sen perder de vista a nosa área de inglés.

A **biblioteca** proporcionaranos os **recursos** necesarios para desenvolver o proxecto:

Fontes escritas:

- **Colour me happy. Ed. Macmillan.**
- **Sleeping Beauty. ELI.**
- **Un bosque tranquilo. Ediciones Librería Argentina. (The Blue Fairy)**
- **Sitting still like a frog. Ed Kairos.**
- **The Sleep Fairy. Ed. Easy Sleep.**

O **produto final** do proxecto será o acto no que “The Blue Fairy” visitará a escola, os neno/as participantes no proxecto amosaranlle os seus traballos, e ela, lles contará un conto como agasallo. Será un **proxecto participativo** no que as familias terán moita importancia á hora de axudarlles aos nenos/as na preparación de materiais e escoitando as súas aprendizaxes.

O **proxecto** terá carácter **interdisciplinar** no que, como se indicou nos parágrafos iniciais do proxecto, participan distintas áreas e se inclúe nun proxecto maior de centro, como é o PDI “**O Sueiriño, cada latexo un pensamento**”.

A nosa **proposta metodolóxica** de aprendizaxe baséase nunha dinámica activa, cooperativa e centrada na experiencia próxima aos alumnos/as, partindo dos seus intereses, das súas experiencias e dos seus coñecementos previos:

Sabedes que é unha fada?

- Onde viven?
- Poden voar?
- Pódenche contar algo das fadas na túa casa?

Partindo dos coñecementos previos dos nosos alumnos/as, detectados con anterioridade, desenvolveremos o seguinte proxecto:

OBXECTIVO XERAL:

- Ser quen de iniciarse na xestión das emocións, sensacións e desexos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Coñecer as cores da Blue Fairy.
- Ser quen de numerar as partes do proceso a seguir coa Fairy.
- Recoñecer **feelings**: happy, sad, scary, polite, rude.
- Desenvolver a creatividade e imaxinación a través das artes plásticas.
- Saber gardar silencio cando a actividade (lecturas, cancións, ...) o requira.
- Seguir o ritmo da música.
- Compartir o seu traballo coas súas familias.

Áreas de coñecemento:

Área de linguaxe:

Bloque 1.- Linguaxe verbal.

- Saudar e despedirse da fada.
- Achegamento á linguaxe escrita na escoita de contos.

Bloque 2.- Linguaxe artística.

- Participación en actividades de talk, listen, think, breathe.
- Potenciación da imaxinación.

Bloque 3.- Linguaxe audiovisual.

- Iniciación á reprodución de sons.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Área de coñecemento persoal:

Bloque 1.- O corpo.

- Identificación de sentimentos: happy, sad, scary, ...

Bloque 2.- Xogo e movemento.

- Participación e esforzo persoal nos xogos e exercicio físico.
- Gusto polo xogo.
- Adquisición de capacidades corporais.

Bloque 3.- Actividades cotiás.

- Actitude positiva aceptando a diversidade.

Bloque 4.- Coidado persoal e saúde

- Aceptación de normas establecidas.
- Área do coñecemento do contorno:

Bloque 1.- Medio físico.

- Curiosidade polos elementos do medio natural.
- Emprego dos números para contar, identificar, ordear, ...

Bloque 2.- Achegamento á natureza.

- Identificación dalgunhas características das persoas e os seres vivos.

Bloque 3.- Cultura e vida en sociedade.

- Identificación da familia.
- Recoñecemento de distintos tipos de familia.

Áreas de experiencia:

- As cores:
- Coñecer as cores da Blue Fairy e da súa contorna.
- Os números:
- Contar ata o 10, acompañando as instrucións da fada.
- Os animais:
- Animais que acompañan no seu camiñar á Blue Fairy.
- corpo:

- Partes do propio corpo.
- Diferenzas co corpo da fada.
- A familia:
- Recoñecer os membros da familia da Blue Fairy.
- Comparalos coa propia.
- A roupa:
- Identificación da roupa da fada.
- Diferenza coa nosa roupa.
- As festas:
- Incorporar á Blue Fairy aos festivals de Halloween, Xmas e Easter.

Competencias básicas:

- Comunicación lingüística: Todo o proxecto.
- Competencia cultural e artística: Fomentaremos o coñecemento da lingua estranxeira incluíndo as festas tradicionais, fomentando a interculturalidade.
- Competencia social e cidadá: Para conseguir a adquisición desta competencia teremos en conta a valía como persoas e a súa contribución ao grupo. Fomentaremos o traballo cooperativo, mediando nos conflitos da convivencia e axudando a resolvelos con actitude construtiva. Centrarémonos no respecto aos compañeiros e educación para a igualdade, non discriminatoria.

Actividades:

- Presentación dun mural da Blue Fairy.
- Que lles parece?
- Que lles fai sentir?
- Gústavos?
- Gustaríavos acompañala nas súas aventuras?
- Lectura do libro **“The Blue Fairy.”** (Adaptación libre da mestra da area,

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

baseada no conto “Un bosque tranquilo”, Ed. Librería Argentina.)

- Facilitarlle aos nenos os distintos materiais do traballo obxecto de estudo.
- Elaboración dunha Blue Fairy.
- Visita da Blue Fairy á escola.Ç

Avaliación:

Para avaliar o resultado do proxecto elaboraremos unha táboa con aquelas cuestións que máis nos interesan:

A experiencia resultou satisfactoria?	
Cal foi o sentir do alumnado?	
Os nenos/as foron protagonistas?	
Participaron as familias?	
O alumnado expuxo o seu proxecto?	
Foi axeitada a temporalización?	
Acadáronse os obxectivos específicos propostos?	
As actividades resultaron atractivas?	
Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados?	
A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben?	
Desenvolvemos as competencias claves iniciais?	
O proxecto sae da escola?	

Temporalización:

- Todo o curso.

I- PDI de área.

“MY HOME, OUR HOME: THE PRADO MUSEUM”.

Intentamos con este proxecto dar un paso adiante no coñecemento do Museo del Prado, como protector e fogar da arte (de aí o título do proxecto), coñecendo os seus arredores, a súa estrutura (lembrando o aprendido o curso anterior sobre arquitectura no proxecto desenvolvido sobre a cidade de Siena e da que se tivo cumprida información na memoria correspondente), as diferentes salas, coñecendo ás xentes que alí traballan e compartindo as sensacións que nos fan sentir os artistas. Ademais, faremos fincapé nos autorretratos.

O nos ensino nesta área segue ser, como desde os inicios do proxecto, trilingüe: inglés, castelán e galego, excepto o curso pasado, no que introducimos algún vocabulario en italiano.

Despois dos proxectos de cursos anteriores sobre Turner, Klimt, Velázquez, El Greco e Picasso, por que decidimos estudar o **Museo del Prado**:

- Por ser os grandes descoñecidos como contedores da arte.
- Para axudar aos nenos/as na observación, análise e disfrute dunha obra de arte.
- Por coñecer os traballos de diferentes artistas.
- Poñer en valor o traballo das persoas que traballan no museo.
- Participarán do proxecto distintas área: música, plástica, ciencias sociais, matemáticas, lingua galega, lingua castelá, lingua estranxeira, TICs, coordinadas dende a biblioteca escolar.

A **biblioteca** proporcionaranos os **recursos** necesarios para desenvolver o proxecto:

Fontes escritas:

- Libros de lectura:
- Pequeña Historia del Museo del Prado. Ed. Mediterrania.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

- Little Story of the Prado Museum. Ed. Mediterrania.
- Un paseo por el Museo del Prado. Ed. Susaeta.
- La puerta secreta del Museo del Prado. Ed. Edebé.
- Gerónimo Stilton. Enigma en el Prado. Ed. Destino
- Los robos nocturnos en el museo del Prado. Ed. San Pablo.
- El pirata Garrapata en el Museo del Prado. Ed. SM.
- El sueño de un museo: Una aventura en el Prado. Ed. de la Torre.
- Libros de consulta: ByMe Arts and Crafts. Ed. Macmillan.

Fontes audiovisuais:

- <https://www.museodelprado.es/aprende/educacion/actividades-accesibles/recursos>
- Interactive visual guide to the Prado Museum.
- Story of a portrait.
- Las Meninas en pictogramas.
- <https://www.museodelprado.es/actualidad/multimedia/la-musica-en-tus-ojos>
- <https://www.museodelprado.es/aprende/educacion/el-arte-de-educar+>

O **produto final** do proxecto será o acto no que presentarán aos seus compañeiros/as o coñecemento adquirido sobre o museo e as súas obras de arte. Se é posible, visitaremos o Museo Municipal da nosa cidade.

Será un **proxecto participativo** no que as familias terán moita importancia á hora de axudarlles aos nenos/as na búsqueda de información sobre o museo e escoitando as súas aprendizaxes.

O **proxecto** terá carácter **interdisciplinar** no que, como se indicou nos parágrafos iniciais do proxecto, participan distintas áreas do currículo.

A nosa **proposta metodolóxica** de aprendizaxe baséase nunha dinámica activa, cooperativa e centrada na experiencia próxima aos alumnos/as, partindo dos seus intereses, das súas experiencias e dos seus coñecementos previos:

- Coñecen o Museo del Prado?
- Sabedes donde está?
- Coñecen alguna pintura que esté alí? Cal?
- Pódenche contar algo do museo na túa casa?

Partindo dos coñecementos previos dos nosos alumnos/as, detectados con anterioridade, desenvolveremos o seguinte proxecto:

OBXECTIVO XERAL:

- Valorar a importancia do Museo del Prado no mundo da arte e facelo seu, de aí o nome do proxecto.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Localizar o Museo del Prado e os edificios que o compoñen.
- Identificar liñas, formas, cores e deseños na contorna.
- Comprender as características dun museo.
- Explorar espazos cotiás ata chegar ao espazo do museo.
- Descubrir as características do autorretato.
- Diferenzas entre pintar persoas e retratar.
- Comprender e respectar o proceso creativo.
- Compartir o proxecto coas súas familias.

Bloques de contidos:

Bloque 1.- Educación audiovisual.

- Visionado de imaxes reais do Museo del Prado.
- Búsqueda na rede das actividades e propostas do museo.

- Guía visual interactiva do museo.
- Música asociada ao museo: La música en tus ojos.

Bloque 2.- Expresión artística.

- Descrición verbal dos sentimentos xurdidos da observación de obras no Museo del Prado..
- Cores, texturas e formas nos autorretratos.
- Instrucións para a elaboración do proxecto..
- Diferentes texturas e cores.
- Experimenta a orientación nos espazos do museo.
- Elaboración do seu autorretrato.
- Traballos doutros nenos baseados en cadros expostos na pinacoteca.

Bloque 3.- Debuxo realista.

- Recoñecemento do período vital ao que pertence o seu autorretrato.
- Proporción e deseño que aparecen na pintura.

Competencias clave:

- Comunicación lingüística: Toda a unidade.
- Matemática e comp. básicas en ciencia e tecnoloxía: Referencias para orientarse no espazo.
- Comp.dixital: Uso da rede para ver o visitar o museo de xeito virtual.
- Aprender a aprender: É quen de manipular de xeito correcto distintos materiais.
- Sociais e cívicas: Seguir normas e instrucións claras para visitar un museo e respeto polos demais.
- Sentido do iniciativa e espírito emprendedor: Creatividade á hora de facer un autorretrato.
- Conciencia e expresións culturais: Respeto polas distintas formas de expresión plásticas.

Actividades:

- Vídeo sobre o Museo del Prado.
- Que lles pareceu?
- Que lles fai sentir?
- Gustouvos?
- Gustaríavos traballar alí?
- Presentación da guía audiovisual interactiva do Museo del Prado.
- Lectura dos libros *Little story of the Prado Museum* e *Un paseo por el Museo del Prado*.
- Elaboración dun autorretrato.
- Facilitarlle aos nenos os distintos materiais necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Avaliación:

Para avaliar o resultado do proxecto elaboraremos unha táboa con aquelas cuestións que máis nos interesan:

A experiencia resultou satisfactoria?	
Cal foi o sentir do alumnado?	
Os nenos/as foron protagonistas?	
Participaron as familias?	
O alumnado expuxo o seu proxecto?	
Foi axeitada a temporalización?	
Acadáronse os obxectivos específicos propostos?	
As actividades resultaron atractivas?	
Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados?	
A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben?	

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Desenvolvemos as competencias claves iniciais?	
O proxecto sae da escola?	

Temporalización:

Todo o curso

PT e AL: PENSANDO CON DEUSES E HEROES.

Ao longo do presente curso traballaremos dentro do aula de apoio o máximo e fascinante mundo da **mitoloxía grega**. Da man dos deuses do olimpo acercáronos á mitoloxía e coñeceremos diferentes historias de heroes e heroínas que foron transmitidos de pais a fillos desde a antigüidade.

Os mitos amplían as fronteiras da nosa imaxinación e o noso pensamento. Inspíranos e anímánnos a loitar para alcanzar os nosos sonos.

Asemade, realizaremos varias actividades onde o traballo final sexa unha posta en escena de varias lendas e mitos con diferentes técnicas: guiñol, cómic, libro ilustrado, soundcloud, stop motion, realidade aumentada, códigos QR, gamificación...

Obxectivo xeral:

- Acercarnos á mitoloxía clásica a través de textos de transmisión oral.

Obxectivo específicos:

- Mellorar a lectura e a comprensión lectora a través de diversas e variadas lecturas.
- Coñecer lugares emblemáticos da nosa cultura.
- Recitar poemas con boa entoación.
- Valorar a importancia da mitoloxía na nosa cultura.
- Pescudar información relacionada cos mitos e historias traballadas.
- Levar ao cine coa técnica de stop motion unha curta sobre algún mito.
- Realizar un libro ilustrado sobre a mitoloxía grega.

- Empregar as personaxes dos mitos para realizar actividades transversais.

Contidos:

- A importancia da mitoloxía na nosa cultura.
- Mitos coñecidos.
- Historias de heroes.
- cine como elemento de expresión.
- A técnica de stop motion.
- Realidade aumentada e códigos QR.
- cómic e o guiñol como elemento de expresión.
- Ilustración de textos escritos.
- Xogos de linguaxe. Gamificación.

Actividades:

- Elaboración do mural das portas con alusións ao mundo da mitoloxía grega.
- Lectura comprensiva de mitos.
- Ilustración gráfica dalgún mito traballado na aula de apoio.
- Elaboración dunha curta coa técnica de stop motion a partir dalgún mito. Eles mesmos farán o guiión, as personaxes e a dobraxe dos protagonistas.
- Ilustración de mitos e elaboración dun libro de mitoloxía para a biblioteca.
- Compilación nun libro web de todas os mitos traballados na aula.
- Memorización e narración de mitos.
- Recollida de información sobre diversos aspectos traballados nos mitos (costumes, xeografía, personaxes,..)
- Realización dun LIM sobre os deuses do Olimpo.
- Emprego da biblioteca do colexio na pescuda de información.
- Elaborar un dominó cos mitos traballadas.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

- Facer que todos os cartaces realizados sobre mitoloxía ofrezan información por técnicas de realidade aumentada ou códigos QR.
- Realizar actividades de gamificación sobre os deuses do Olimpo con Kahoot.
- Bingo de personaxes e aspectos relacionados cos mitos traballados.

Temporalización: Todo o curso.

AREA DE RELIXIÓN

DESCUBRINDO OS VALORES NO NOSO MUNDO”

OBXECTIVOS:

- Desenvolver habilidades emocionais, comunicativas, organizativas e sociais para actuar con autonomía e responsabilidade na vida cotiá e implicarse nas relacións de grupo con actitude solidaria e tolerante, utilizando o diálogo, a arbitraje e a mediación para abordar conflitos.
- Mostrar iniciativa persoal asumindo responsabilidades e practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto , a cooperación e o rexeitamento á violencia, aos estereotipos e aos prexuízos.
- Coñecer, asumir e valorar os dereitos e obrigacións contidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na Constitución Española, identificando os valores que fundamentan e aceptándoos como criterios para xulgar desde a ética as condutas persoais e colectivas e as realidades sociais.
- Defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, manifestar comportamentos solidarios cos individuos e colectivos desfavorecidos e rexeitar a situacións de inxustiza e as discriminacións existentes por razón de sexo, orixe, crenzas, diferenzas sociais, orientación afectivo-sexual, ou de calquera outro tipo como vulneracións da igualdade humana e causas perturbadoras da convivencia.

- Analizar as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, así como a relación entre os conflitos arados e o subdesarrollo e valorar as accións encamiñadas á consecución da paz e a seguridade como medios para formar un mundo máis xusto.

OBXECTIVOS DIDACTICOS:

- Respetar as opinións e valoracións do resto dos compañeiros.
- Aprender a traballar en grupos de forma harmonizada.
- Utilizar os novas TICS para buscar información sobre o tema.

CONTIDOS:

- Comprensión de mensaxes orais, escritos e icónicos, e procura de información a través de distintas fontes.
- Comunicación de ideas e informacións, oralmente e por escrito, así como mediante as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Análise crítico e avaliación comparativa de informacións proporcionadas polos medios de comunicación sobre a situación dos dereitos humanos no mundo actual.
- Rexeitamento de estereotipos, prexuizos e calquera tipo de discriminación ou violencia.

ACTIVIDADES:

- Choiva de ideas relacionada cos problemas do mundo no que vivimos e posta en común das diferentes ideas
- Enumerar as ideas dadas.
- Nomear diferentes países onde se dan problemas.
- Traballar os valores:
- RESPECTO-DIALOGO-TOLERANCIA-COOPERACION-COMPASION-
- LIBERDADE-XUSTIZA E PAZ.
- Saber que significa cada un deles.

- Como podemos vivilos.
- Descubrir personaxes que os viviron ao longo da historia. (XESUCRISTO,
- GANDHI, MARTIN LUTHER KING, TERESA DE CALCUTA E Outros...)
- Elaborar cada dous alumnos un pequeno libro sobre un personaxe importante dos mencionados no punto anterior.

METODOLOXÍA:

Principios:

É interesante establecer as actividades de forma clara e sinxela, para que o alumno sinta confianza e poida motivarse en adquirir máis coñecementos. Neste sentido, é necesario expor unha metodoloxía que teña como enfoque non só a consecución dos obxectivos sen a adquisición das competencias básicas. A competencia en comunicación lingüística e para aprender a aprender, móstranse indispensables no desenvolvemento das estratexias para obter novos coñecementos

Organización do espazo:

A maioría das actividades desenvólense na aula con todo, tamén utilizaremos: a biblioteca e o espazo destinado a informática.

Ditas actividades traballáremolas en pequenos grupos, de forma individual e outras en grn grupo sen esquecer as postas en común tanto na choiva de ideas como nos repasos orais.

Co desenvolvemento desta unidade didáctica levaremos a cabo o desenvolvemento das seguintes competencias básicas:

1.Competencia en comunicación lingüística:

Actitudes de escoita, comprensión e expresión lingüística das historias lidas.

2.Competencia matemática, habilidade de interpretar e expresar con claridade e precisión, datos e informacións.

3.Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico,

Descubriendo a nosa relación e a nosa evolución nas distintas épocas.

4.Competencia no tratamento da información e competencia dixital,

Usando ordenador para navegar por Internet na procura e o tratamento da información relacionadas co tema.

5.Competencia social e cidadá, traballando en equipo.

6.Competencia cultural e artística, coñecer, comprender, apreciar e valorar críticamente as distintas manifestacións culturais ou artísticas,

RECURSOS E MATERIAIS:

Texto da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Artigos de xornais e revistas.

Ordenadores para o tratamento da información.

Material funxible (cadernos, bolígrafos, rotuladores, textos impresos, etc.)

Pizarra.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

AVALIACIÓN

A avaliación será global, continua e formativa.

Avaliación inicial: a través das ideas previas detectarase o nivel de coñecemento dos alumnos/as respecto ao tema proposto.

Avaliación formativa: a través dos obxectivos didácticos programados e mediante a observación directa do alumno/a para valorar e axustar os seus procesos, avances e a axuda que necesite.

INSTRUMENTO DE EVALUACION:

Actitude, hábitos de traballo, convivencia

Elaboración e exposición, en grupos de dous, do traballo realizado.

CONCLUSION:

Esta proposta é susceptible de sufrir algunha modificación tanto na súa elaboración como no seu desenvolvemento. Estará sempre aberta ás necesidades, curiosidades e intereses do alumnado. Pretendemos inculcar aos nenos valores moi importantes para o seu desenvolvemento persoal como interpersoal.

Temporalización: Todo o curso.

Outros proxectos e actividades.

- Participación no mes de maio nos XXII Encontros de Teatro Escolar de Bande.
- Actividades promovidas polo Círculo Poético Orensano.
- Plan Proxecta: Meteoescolas na biblioteca.
- Celebracións habituais: Día da Biblioteca Escolar, Día do Libro, Día da Paz, Semana da Prensa, Letras Galegas, ...
- Participación en actividades de fomento de lectura promovidas polo concello, así como doutras entidades con promoción social.

LER EN FAMILIA

Desde a nosa biblioteca contemplamos as seguintes actividades, pensadas para implicar ás familias na formación dos nenos/as como lectores:

Mochilas viaxeiras.

Os nenos/as de E.P. dispoñen en préstamo a mochila por un período dunha semana, para compartir coas familias o contido da mesma. O contido do material será escollido polos titores/as correspondentes, supervisado pola biblioteca e procurando que teña a maior variedade de textos e formatos para que o alumando poida elixir.

Acompañan a estes materiais “O diario da mochila” no que, tanto os nenos/as como as súas familias, aportan a súa opinión, novas creacións, debuxos, suxerencias, ..., sobre o contido da mochila.

1º de E. Primaria

Na mochila viaxeira de primeiro incluiremos libros en castelán e tamén en galego.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Os libros que se van a incluír na mochila, irán en función da comprensión lectora de cada alumno.

Hai previstas dúas coleccións de lecturas en castelán: Caballo Alado (El delfin, La oveja, El pez, El pájaro...) e Chiquicuentos (El camello cojito, La princesa espacial, El espantapájaros volador...) e outra colección en galego da Serie Trote (O lazo de patinar, Quero ser grande, A avoa non quere comer, O arco da vella...)

2º E. PRIMARIA

Un curso máis os alumnos levarán cada venres para as súas casas a **MOCHILA VIAXEIRA** para gozar da lectura. Disporán da mochila

durante una semana. Polo que a renovación do material que compón a mochila farase de forma bimensual. O material básicamente será:

- Novela ou conto en castelán.
- Novela ou conto en galego.
- Cómic.
- Revista.
- Vídeo de animación.

Libro de poemas.

3º E. PRIMARIA

1º trimestre:

- Piratas nunha buguina de MANOLO UHÍA
- Las aventuras de Juana Calamidad de PACO CLIMENT
- DVD de debuxos animados
- Reportero DOC.

2º trimestre:

- Momia de ERIC LLUCH
- Mona Ratisa de GERÓNIMO STILTÓN
- DVD de debuxos animados

-Reportero DOC.

3º trimestre:

-Atrapados por los piratas de MARY POPE OSBORNE

-Morris Milpes

-DVD de debuxos animados

-Reportero DOC.

Un libro de poesía

5º de Educación Primaria está composto polos seguintes recursos:

1º trimestre (11 semanas) dende o día 07/10/2017 ao 16/12/2017.

- 1 libro de lingua Galega. Colección Kika Superbruxa.
 - Kika Superbruxa e o feitizo do Nadal.
- 1 libro de lingua Castelá. Colección Gerónimo Stilton.
 - El extraño caso de la noche de Halloween.
- 1º Revista.
- 1º DVD.

2º trimestre (11 semanas) dende o día 12/01/2018 ao 16/03/2018

- 1º libro de lingua Galega. Colección Kika Superbruxa.
 - Kika Superbruxa e a momia.
- 1º libro de lingua Castelá. Colección Gerónimo Stilton.
 - El extraño caso del Tiramisú.
- 1º Revista.
- 1º DVD.

3º trimestre (11 semanas) dende o día 06/04/2018 ao 21/06/2018.

- 1º libro de lingua Galega. Colección Kika Superbruxa.
 - Kika Superbruxa, detective.

- 1º libro de lingua Castelá. Colección Gerónimo Stilton.
 - El secreto del lago desaparecido.
- 1º Revista.
- 1º DVD.

6º E. PRIMARIA

Utilizaranse as mochilas viaxeiras, cada semana elixiranse dous libros, un en castelán, outro en galego, algunha revista e CD, no primeiro turno propóñense: “Cos pés no aire” de Agustín Fernández Paz (Xerais) e “Niñera de monstruos” de Kes Gray (Bruño), e así sucesivamente segundo os seus gustos, que teranse en conta.

Libros que van e veñen.

Coa mesma filosofía que as Mochilas Viaxeiras, poñemos en circulación as mochilas para os peques da escola de E. Infantil.

O contido será axeitado á idade dos nenos/as e tamén incluírá “O diario dos libros que van e veñen”, no que os nenos/as poden debuxar aquilo que lles din os libros e as suxerencias dos pais.

Guías de lectura.

AVALIACIÓN

Reflectiremos a incidencia do PAL no centro en relación coa mellora da competencia na comunicación lingüística, a adquisición de hábitos lectores, o grado de desenvolvemento das actuacións previstas, o aproveitamento dos recursos do centro, as estratexias metodolóxicas, medidas de coordinación, rendemento do equipo da biblioteca, implicación das familias e un informe no que se incluírán: número de préstamos realizados, número de rexistros, visitas no horario lectivo asignado, visitas no horario de tarde, tipo de actividades desenvolvidas.

Ourense a 28 de setembro de 2017

CEIP MANUEL SUEIRO



XUNTA DE GALICIA

PLAN DAS TECNOLOXÍAS E DA COMUNICACIÓN



CURSO 2017/2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Este documento foi presentado ao Claustro e ao Consello Escolar o día 10/10/2017.

ÍNDICE

1. Introdución descritiva do contexto do centro.
 - a. As TIC no centro.
 - b. Recursos do centro.
2. Xustificación da solicitude do programa Abalar.
3. Modelo organizativo previsto.
 - a. Obxectivos
 - b. Desenvolvemento.
 - c. Tratamento á diversidade.
 - d. Organización dos espazos
4. Experiencia educativa:
5. Actividades de formación permanente
6. Recursos materiais cos que conta o centro.
 - a. Recursos informáticos.
 - b. Recursos audiovisuais.
 - c. Outros recursos de interese.
7. Planificación do uso dos recursos materiais do centro.
8. Tipo de conexión á rede.
9. Descrición das tomas eléctricas e de datos.
10. Procedemento para a avaliación interna do programa.

1. Introducción descriptiva do contexto do centro.

1.1 As TIC no centro

No CEIP de Manuel Sueiro levamos facendo dende hai varios anos un importante esforzo polo emprego das novas tecnoloxías de información e da comunicación, nas nosas aulas e centro, procurando ter toda a documentación informatizada, revisión de equipos, instalación e posta en marcha da aula de informática, conexión en rede, concienciación da utilización das novas tecnoloxías, colocación e emprego do encerado dixital, a creación da páxina web do centro,... constitúen, entre outras, unha importante mostra da importancia que as tecnoloxías da información e comunicación teñen xa no noso centro.

Tamén queremos por de manifesto que debido a este traballo hoxe, todas as aulas contan con conexión á rede por cable e por Wi Fi.

A maioría do Claustro do centro quere establecer unhas bases, uns obxectivos, uns fins que dean sentido á utilización das TICs dentro da comunidade educativa.

Empezamos con obxectivos sinxelos, polo menos na formulación, e seguro que no camiño, mediante o proceso de retroalimentación, estes van cambiando, chegando a diferenciarse do inicial pero nunca perdendo o seu fin último: a presentación, coñecemento e uso por parte de todos da tecnoloxía.

Baseamos o noso traballo nos seguintes puntos:

■ **Creación de novos contidos educativos** para a totalidade dos niveis, dende Infantil ata 6º de Primaria, facendo especial fincapé en dous apartados:

- Creación de recursos propios para o alumnado .
- Desenvolvemento de actividades interactivas para o “encerado dixital”, (pretendemos que cada aula conte cun encerado).

Estes contidos están directamente ligados cos tratados nas distintas áreas e adaptados ás distintas programacións de aula de cada un dos grupos do Centro. Préstase especial atención á interacción (deberán ser

elementos cos que o alumnado poda interactuar e sacar o seu propio coñecemento) e a un tratamento o máis sinxelo e claro posible para o alumnado. Asemade, teñen a posibilidade da ampliación do tema ou temas a tratar, ben sexa con recursos propios ou alleos (enlaces a infografías, páxinas web, multimedia, etc.) pretendendo que cada neno ou nena poda “construír” unha parte do seu saber.

- Traballo de **expansión da realidade do centro a toda a comarca** e estamentos implicados na súa vida e riqueza.

- A través da **web do Centro**, onde tentamos involucrar non só ao alumnado senón que a todas as familias, sendo a propia web do Centro o elemento de difusión, conseguindo que o Centro non sexa coñecido só polos que están nel, senón polas persoas que estiveron ou que dun xeito ou outro teñen relación con el.

- Utilización das redes sociais para manter unha relación máis próxima con toda a comunidade educativa.

- Utilización da aula virtual como recurso educativo de apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe.

1.2 Recursos do centro

1.2.1 Recursos materiais e espazo.

O centro ten unha boa dotación material. Todos os anos solicitamos á Consellería de Educación a reposición e dotación de aquel material que entendemos que é imprescindible para o desenvolvemento das tarefas de ensino e aprendizaxe. A **dotación de material** para a utilización das TIC é suficiente, pero queda marxe para unha mellora substancial. Aínda que queda moito por facer, a dispoñibilidade de material non é impedimento para por en práctica **integración das TIC** no desenvolvemento curricular.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

As dependencias do colexio están todas integradas nun único edificio que consta de dúas plantas.

Nas nosas instalacións contamos con:

- Aulas estables para cada grupo de alumnos (2 infantil, 6 primaria) con conexión a internet.
- Aula de informática, Aula de inglés, Aula de música, Aula de apoio, Aula de relixión.
- Biblioteca, integrada no PLAMBE, que funciona como centro de recursos de aprendizaxe.
- Comedor.
- 1 Pista deportiva.
- Patio de recreo.
- Xardín.
- Parque de xogos de Ed. Infantil.
- Sala de mestres.
- Zona administrativa e conserxería.
- Sala Departamento orientación.
- 2 almacéns.

1.2.2 Recursos persoais.

PROFESORADO

O centro conta desde o último catálogo de postos de traballo con 2 unidades de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria. Para cubrir ditas unidades hai os seguintes postos de traballo:

- Dous de Ed. Infantil.
- Cinco de Educación Primaria.
- Un de Educación Física.
- Un de Educación Musical.
- Dous de Lingua Inglesa, un é itinerante.
- Un Orientador.
- Dous mestres de PT

- Un mestre de AL itinerante.
- Ademais contamos 2 mestres de relixión por horas itinerantes.

Case todas as prazas do catálogo están cubertas por mestres propietarios definitivos o que redonda nunha mellora da calidade educativa ofertada. A práctica totalidade do claustro conta con **competencia no uso das TIC** e as está a aplicar na práctica diaria.

ALUMNADO

O Centro actualmente acolle arredor de 75 alumnos.

O alumnado, en xeral, responde ben á motivación académica participando nas actividades extraescolares organizadas polo Centro e nas que organiza a ANPA polas tardes.

O uso que fan da tecnoloxía, algúns dos alumnos e alumnas, so se circunscribe aos períodos de tempo que está no centro, xa que non dispoñen de medios nas súas casas. De aí que se faga necesario reforzar a este alumnado a **formación e competencia do uso das TIC para evitar a súa discriminación** co resto do alumnado.

PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente está formado soamente por unha ATE, unha conserxe, unha auxiliar de conversa e unha limpadora máis os colaboradores do servizo de comedor.

2. Programa TIC.

Desde o Claustro e Consello Escolar do noso centro entendemos que debemos ter operativo o noso programa TIC por todo o que implica no enriquecemento do aprendizaxe do alumnado ao posibilitar novas formas de interactuar, traballar, busca de información... dentro do entorno da aula.

Asemade, consideramos que é un elemento que debe ser integrado no proceso de ensino-aprendizaxe, na forma e medida que facilite a acción educativa, estimule as competencias do alumnado e facilite unha mellora na comunicación e interacción coa familia no proceso educativo dos seus fillos.

Na web, aula virtual e blogs en funcionamento do centro, (<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelstueiro/>) reflectiremos parte do noso traballo en relación ás TIC.

3. Modelo organizativo previsto.

3.1. Obxectivos

Como se pode deducir do exposto ata o momento, os nosos obxectivos, deixando aparte os que poderán ser propios de cada área e nivel, son moi claros:

Dende o punto de vista do Centro:

- Introducción á “alfabetización dixital” de todos os membros do Centro.
- Dar un sentido claro, útil e axeitado a todos os recursos cos que conta, aulas con ordenador e conexión á rede, o propio acceso a internet, “Pizarras” dixitais, etc.
- Achegar a escola á realidade social.
- Desenvolver un aspecto dinamizador da cultura dentro do contorno que se atopa.
- Afianzar e potenciar máis o xa recollido no noso PE referente ao uso das novas tecnoloxías e as TIC.

Dende o punto de vista do alumnado:

- Formar aos nenos adquirindo destrezas no emprego destas ferramentas propias da nosa era.
- Estimular a curiosidade por novos coñecementos.
- Adecuar ás posibilidades e capacidades de cada un aos contidos traballados.
- Comprender e adquirir novas formas de exposición do coñecemento máis alá dos meramente tradicionais.
- Desenvolver calidades para o traballo en equipo.
- Fomentar un espírito crítico coa información obtida, fundamentalmente de Internet. Non todo o que está na pantalla ten que ser bo ou correcto.
- Utilizar as posibilidades do ordenador como ferramenta e medio para reforzar ou adquirir coñecementos ou habilidades:
 - Utilizar software educativo, adecuado ao seu nivel.
 - Usar no traballo cotián procesador de texto.
 - Navegar por páxinas web, para obter información.
 - Usar medios de comunicación: correo, chats, foros,...
- Desenrolar estratexias para a busca, selección e organización de contidos.
- Coidar e facer un uso correcto do material.
- Transformar a Aula de Informática nunha verdadeira aula multimedia, que se poida utilizar sobre todo nas linguas, pero tamén nas outras materias, con conexión en rede.

Dende o punto de vista das familias:

- Conseguir unha maior implicación destas no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Establecer con Centro unha dinámica de colaboración que vaia máis alá do que poda ser referente ao seu fillo ou filla.
- Levar ata os fogares a idea de que ordenadores e Internet teñen outros usos máis alá do simple lecer.
- Fomentar a “alfabetización dixital” do entorno dos cativos.
- Achegar o Colexio á sociedade na que está inserido mediante o uso das TICS para espallar a información e colaborar na formación, sobre todo, das

familias da Comunidade Educativa.

- Conseguir acadar unha mellor comunicación coas familias a través do correo electrónico e da páxina web do Colexio utilizándoos como medios preferentes no intercambio de información entre o Colexio e as familias.

Dende o punto de vista do profesorado:

- Adquirir os coñecementos informáticos para poder facer uso didáctico das TIC en tódalas áreas que imparte.
- Solucionar problemas técnicos elementais máis comúns que se presenten nos equipos informáticos.
- Utilizar a rede como medio de formación permanente:
 - Realización de actividades de teleformación.
 - Busca de recursos para a aula.
 - Intercambios de experiencias con outros centros e compañeiros.
 - Participación en redes profesionais
- Publicar na páxina web do centro certos traballos realizados e as experiencias levadas a cabo: revista escolar, fotos de actividades, proxectos educativos, saídas...
- Crear material didáctico en formato dixital, usando ferramentas sinxelas de autor .
- Realizar experiencias concretas para o uso das TIC nas áreas e niveis correspondentes.

3.2 Desenvolvemento

Unha vez feita a planificación do traballo, abordaremos en primeiro lugar o primeiro punto deste plan referente á creación de material para todos os niveis, e trataremos poñer en contacto ao alumnado co uso da tecnoloxía.

Continuaremos dándolle protagonismo á **Aula Virtual** do centro. Funcionando esta como un verdadeiro servidor central de recursos.

ACTIVIDADES

- Elaboración de actividades para o alumnado.
- Explicacións orais de actividades a realizar, reforzadas con imaxes no encerado
- Explicación de conceptos, reforzado con imaxes.
- Comprensión de contos, historias,...mediante imaxes
- Proxección de imaxes unidas a sons para desenvolvemento de vocábulos.
- Proxección de imaxes unidas a audicións curtas de oracións para diálogos, contos...etc.
- Creación de textos con programas en liña de Google.
- Práctica de actividades nas diversas áreas con ferramentas de autor.
- Uso de outros programas educativos.
- Elaboración de contidos para as bitácoras.
- Construción de miniquests, webquests e wikis.
- Consultar enciclopedias en Internet.
- Uso de correctores ortográficos para os textos que elabore o alumnado.
- Creación de presentacións con Google presentacións sobre diversos temas.
- Actividades de formación para o profesorado.
- Busca de Información en Internet.
- Actividades de animación á lectura e á escritura.
- Subir contidos á web do colexio.

3.3. Tratamento da diversidade

O alumnado con necesidades educativas especiais necesitan programas e recursos individualizados para crear un entorno de aprendizaxe axeitado. En ocasións os mestres e as mestras, pódense encontrar con situacións difíciles, nas que a falla de recursos pode impedir a verdadeira inclusión do alumno/a.

Co alumnado con necesidades educativas especiais poderanse utilizar tanto aqueles recursos que favorecen a comunicación como os programas e servizos telemáticos con fines instrutivos. Dependerá das características e posibilidades de comunicación do alumno concreto, das súas necesidades e intereses

Pretendemos usar as TIC como un medio máis de integración cos seguintes obxectivos:

- Facilitar todo tipo de comunicación sen barreiras.
- Ofrecer un amplo abano de posibilidades onde elixir a información que interese.
- Acceder a información multimedia, posibilitando unha integración de linguaxes icónico – verbal, visual – auditivo e estático – dinámico.
- Organizar a información cunha estrutura máis adaptada ás necesidades e intereses dos usuarios.
- Conseguir determinadas destrezas na xestión e na utilización dos medios informáticos relacionados fundamentalmente co coñecemento e uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Posibilitar a realización persoal no mundo das Tecnoloxías da Información e da Comunicación permitindo o perfeccionamento e a ampliación dos coñecementos adquiridos.

Os programas ou APPs serán sinxelos de utilizar, con poucos e visibles elementos para o control do mesmo, impedindo a perda ou desorientación do alumnado

O uso de interface de comunicación será sinxelo. Preferentemente utilizarase a pantalla táctil.

Os contidos dos programas farán referencia ás adquisicións de habilidades e destrezas básicas, e a facilitar a relación das persoas discapacitadas co seu entorno, favorecendo coñecementos que permitan unha maior autonomía persoal.

Os programas deseñaranse cunha gran compoñente de interacción co usuario, de modo que cada unha das accións que realice terá unha resposta inmediata por parte do ordenador, favorecendo o aprendizaxe asociativo e as relacións causa-efecto.

É preciso atraer a atención do usuario dunha forma constante e motivadora, posto que en moitos casos presentan dificultade para seguir atentos ao mesmo. O uso de animacións, sons ou debuxos atractivos será un bo sistema.

A presentación e realización de actividades terá un carácter repetitivo, posto que estes alumnos presentan maior dificultade para reter o aprendido.

Este alumnado precisará dunha atención titorial constante, que guíe e reforce as súas aprendizaxes.

3.4. Organización dos espazos do centro

Temos previstas as seguintes accións:

- *Creación de puntos de acceso fixos.* Reciclaremos e reutilizaremos recursos informáticos anticuados como terminais lixeiras a situar nos lugares que se considere oportuno.
- *Configuración de recursos móbiles.* Continuar co emprego do portatil con proxector móbil.
- *Organización dos recursos e aulas existente.* Mantemento e optimización dos recursos para evitar na medida do posible o deterioro dos sistemas por mal uso, por instalación de programas e xogos descargados da rede, por virus, etc.

Para a maioría das tarefas empregaremos tanto a aula de Informática como a Biblioteca do Centro, pero non queremos que se quede aí a utilización dos recursos; queremos que chegue a cada aula e que sexa un elemento de uso diario. Xa que un dos principais puntos sobre os que nos baseamos é que as TIC deben de estar alí onde hai calquera proceso de ensino - aprendizaxe.

As aulas de 1º, 4º, 5º e 6º dispoñen de EDI. Unha de Infantil ten proxector fixo. Para as restantes, habilitarase un carro móbil con proxector e portátil, mentres non se dispoña de recursos para instalar aparellos fixos. Este plan implica o uso das TICs pola totalidade do alumnado do centro, co que se fai imprescindible unha reorganización de uso dos espazos, material e distribución horaria das áreas co fin de acomodarse ás necesidades e cambios educativos que o plan esixe.

4. Experiencia educativa:

A maioría do profesorado é propietario definitivo no centro e ten coñecementos informáticos básicos a nivel de usuario.

No centro lévanse realizado as seguintes actuacións:

- A xestión académica e administrativa realízase exclusivamente por medios informáticos.
- A web do centro e un recurso a través do cal se pon de manifesto todo o que se está a facer no centro. Serve de vía de contacto coa comunidade educativa, e en especial coas familias.

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/aulavirtual/>

- Aula virtual. Desde o noso espazo moodle tratamos de organizar os recursos educativos que son de interese para a inclusión das no proceso de ensino e aprendizaxe. Nel temos creado múltiples cursos dirixidos aos diferentes sectores educativos. A case todos eles se pode acceder como convidado, así axudamos a que usuarios externos ao noso centro podan usar o traballo que nos fixemos.

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/aulavirtual/>

- Programas de autor. Son varias as ferramentas de autor que temos utilizado para a creación de recursos educativos para o noso alumnado e que están dispoñible na aula virtual ou na web do centro.
- Temos en funcionamento varios blog que serven para estender ao exterior o traballo desenvolvido no centro.

- Blog da biblioteca.

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/blogdebiblioteca>

- Blog de meteoroloxía. <http://meteosueiro.blogspot.com.es/>

- **Educación documental.** Desde a biblioteca escolar e en colaboración con outros equipos do centro actualizaremos a base de datos de **webquest** que temos elaborado no centro e que nos son de vital importancia para guiar o proceso de busca de información do alumnado en internet. É unha maneira de

guiar aos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe sen que perda tempo en buscar ligazóns na rede.

- **Redes sociais.** Seguiremos estando presentes en Facebook, para chegar a toda a comunidade do noso entorno.
- PLAMBE. Non se pode desligar o funcionamento da biblioteca do emprego das TIC. Estas están presentes no desenvolvemento do proxecto de biblioteca e do Plan lector do centro.
- Todo proxecto educativo, así como plans, proxectos, programacións de aula **intentaremos que sexan accesibles na web** do centro para facilitar o seu coñecemento a toda a comunidade educativa.
- **En definitiva, a nosa experiencia educativa está reflectida e resumida na web do centro e na súa aula virtual.**

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuel sueiro/>

5. Actividades de formación permanente

En cursos anteriores realizamos seminarios de formación sobre o emprego das TICs no proceso de ensino e aprendizaxe. Para este curso está previsto realizar un Grupo de traballo/Seminario coas TICs como referente.

A maioría dos mestres do centro teñen participado en infinidade de cursos relacionados coas TIC, e teñen solicitado a súa participación en varios cursos para o curso 2017/2018.

6. Recursos materiais cos que conta o centro.

6.1 Recursos informáticos.

- Ordenadores portátiles. 11.
- Notebook. 1
- Ordenadores de sobremesa. 20 en boas condicións.
- Escáner. 1
- Impresoras.
 - Laxer. 1
 - Multifunción. 2
- Fotocopiadoras/impresoras. 1
- Pantallas dixitais. 6
- Proxectores dixitais. 11
- Tablet. 1

6.2 Recursos audiovisuais.

- Televisións. 1
- DVD. 1
- Vídeo. 1
- Laserdisk 1
- Radiocassetes. 4
- Equipos de son para PC. 3
- Altosfalantes dinámicos: 1
- Lector de documentos. 1
- Retroproyector. 1

6.3 Outros recursos de interese.

- Cámara de fotos. 1
- Cámara de vídeo. 1
- Gravadora de son. 1

7. Planificación do uso dos recursos materiais do centro.

O Centro conta con puntos de conexión, por cable, á rede en todas as, asemade hai unha conexión por Wi Fi en todo o centro. A capacidade da liña é máis que suficiente.

Na sala de mestres hai dous PCs para todo o Claustro.

Na biblioteca temos outros dous que decidimos mercar para a xestión e administración dos fondos documentais co programa Meiga, e temos nove PCs e 3 portátiles para que os nenos teñan acceso á rede, para a busca de información ou o que os seus titores consideren oportuno.

Asemade, contamos con Encerado Dixital Interactivo nas aulas de música, inglés, 1º 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria. A intención é dotar de encerado dixital e ordenador a cada aula, pero os recursos económicos do centro non nolo permiten. Nestas aulas úsase diariamente o EDI para o desenvolvemento das sesións de clase.

Na biblioteca tamén se dispón dun proxector que é usado para actividades de gran grupo. Asemade, contamos cun carro con proxector que é utilizado como portátil cando así o requiren as actividades a desenvolver nas aulas que non o teñen fixo.

A aula de apoio, tamén está dotada de dous ordenadores no que o alumnado traballa con programas educativos e de reeducación.

8. Tipo de conexión á rede internet

A conexión a internet que temos é suficiente para estar en rede todos os ordenadores conectados ao mesmo tempo.. Hoxe temos 200 Mbps, que permite traballar sen problemas con todos os ordenadores conectados á vez.

9. Descrición das tomas eléctricas e de datos

As conexións de datos e electricidade cumpren a normativa específica para este tipo de aulas.

10. Procedemento para a avaliación interna do programa.

O proceso avaliativo máis claro é a observación directa na aula de cada un dos elementos que interveñen.

A avaliación será continua, cun documento final (memoria final) que deberá incluír o grao de cumprimento dos obxectivos propostos, as actividades desenvolvidas, o grao de implicación do centro e da comunidade educativa, as actividades de formación, a produción de materiais, a avaliación feita e as previsións futuras.

Nesta avaliación continua consideraremos tanto ao alumnado como ás actividades, métodos e programas aplicados para concretar si se lograron ou non os obxectivos ou o grao de achegamento aos mesmos. Será importante valorar:

- Se se está producindo unha verdadeira integración das TIC no currículo e nas programacións.
- Se as TIC melloran a aprendizaxe do alumnado.
- Se aumenta o grao de confianza e a autonomía do profesorado no manexo das TIC.
- Se a utilización dos recursos é axeitada.

Realizaranse reunións de control do plan entre os membros implicados. Ademais o coordinador do programa elaborará un informe trimestral que recolla as dificultades xurdidas, as melloras feitas ou que se van a facer e os cambios que se realicen de acordo coas propostas do profesorado.

QUE AVALIAR ?

Estableceranse os seguintes criterios :

- **Sobre os obxectivos:** grao de consecución, grao de adecuación entre obxectivos e contidos e se as actividades desenroladas axústanse aos obxectivos propostos.
- **Sobre os contidos:** grao de consecución, aporte das TIC para a consecución dos contidos do currículo da área traballada.
- **Sobre as actividades:** grao de adecuación aos obxectivos e contidos propostos, e nivel de motivación do alumnado.
- **Sobre os medios informáticos:** nivel de control acadado sobre os medios para o desenrolo das súas actividades e dificultades atopadas.

CANDO AVALIAR ?

Nas reunións dos mestres que levan a cabo o plan.

COMO AVALIAR ? QUEN AVALÍA ?

Estableceranse os seguintes criterios :

- A observación global da aula e do alumnado en particular, de como se desenrolan as sesións: dificultades atopadas, as súas causas, idoneidade do programa traballado; actitudes do alumnado, respecto e uso adecuado do material informático.
- Enquisa Final: recolleranse as impresións dos distintos participantes no plan (profesores, alumnos e comunidade educativa) no que se analizarán problemas atopados, actividades máis gratificantes, grao de cumprimento de obxectivos e expectativas.
- Memoria do Responsable que recollerá, ademais das actividades realizadas, os resultados da enquisa e as memorias que realicen os distintos ciclos sobre o desenrolo das TIC no centro e o grao de participación de alumnos, profesores e pais/nais.

A avaliación ten que servir en todo caso como feedback para todo o proceso, de xeito que se leven a cabo as modificacións necesarias para mellora do mesmo. Atenderá tanto ao alumnado, como ao profesorado e familias que forman a Comunidade Educativa.

Avaliaranse os obxectivos, contidos e actividades, analizando o grao de consecución dos mesmos e reformulándoos cando sexa necesario.

Avaliaranse os coñecementos en novas tecnoloxías que vaia adquirindo o alumnado segundo o seu desenvolvemento nas distintas actividades propostas ao abeiro deste plan.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Ourense, a 1 de outubro de 2017

Vº Prace.

Coordinador

O Director

Asdo: José Manuel Rego García

Asdo: Norberto Blanco Dorrío

CEIP MANUEL SUEIRO



XUNTA DE GALICIA

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



CURSO 2017/2018

CEIP MANUEL SUEIRO

*Este documento foi presentado ao Claustro e ao Consello Escolar o día
10/10/2017.*

PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

1. INTRODUCCIÓN:

O Plan Anual de Atención á Diversidade contempla aquelas medidas concretas que desde o centro educativo dan resposta á diversidade de todo o alumnado e non soamente a colectivos que teñen peculiaridades especiais que requiren unha avaliación psicopedagóxica e unha atención preferente por parte do profesorado especializado. Neste senso requírese que todo o profesorado deseñe actuacións que teñan como obxectivo adaptarse ás necesidades educativas de cada alumno e alumna.

Tendo en conta que cada alumno ten capacidades, intereses, ritmos, estilos de aprendizaxe, motivacións, experiencias educativas diferentes, o seu proceso de aprendizaxe é único e irrepitible. Por tanto resulta necesario ordenar e actualizar a posta en marcha dun amplo abano de medidas que dean resposta a esta diversidade do alumnado.

2. CONTEXTO EDUCATIVO:

O CEIP Manuel Sueiro conta con sete unidades.

A plantilla do profesorado está completa, contando con todas as especialidades.

O profesorado de apoio con que contamos este curso é o seguinte:

. Un profesor de pedagogía terapéutica definitivo no centro a tempo total.

. Unha profesora de pedagogía terapéutica de Atención Preferente a tempo total.

. Unha profesora de Audición e Linguaxe durante tres días á semana.

. Unha cuidadora que atende ao alumnado con necesidades educativas especiais.

. Unha orientadora durante dous días á semana.

O centro tamén conta cunha AMPA que traballa e se preocupa por el.

3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO:

En relación ao proceso de aprendizaxe o noso alumnado ten as características seguintes:

- Alumnado que non presenta dificultades no seguimento do currículo.
- Alumnado que en momentos puntuais pode presentar algunha dificultade ben por problemas persoais, prerequisites non acadados, hábitos ou coñecementos non adquiridos.
- Alumnado que presenta dificultades nos aspectos básicos e instrumentais do currículo: lectoescritura e cálculo.
- Alumnado con necesidades educativas asociadas a trastornos do neuro desenvolvemento por:

Discapacidade intelectual	Leve e moderada
Trastorno do espectro autista	
Trastornos por déficit de atención con hiperactividade.	- Presentación combinada. - Presentación predominante con falta de atención.
Trastorno específico da aprendizaxe.	- Con dificultade na lectura - Con dificultade na expresión escrita. - Con dificultade matemática.
Trastornos da comunicación.	- Trastornos da linguaxe. - Trastornos fonolóxicos. - Trastornos da fluidez. - Trastornos da comunicación social. - Trastorno da comunicación non especificado.

- Alumnado con conflitividade familiar que xera un bloqueo na súa aprendizaxe.
- Alumnado que comeza educación primaria sen haber estado escolarizado en educación infantil.
- Alumnado cunha alta porcentaxe de absentismo escolar.
- Alumnado de minorías étnicas.

4. OBXECTIVOS.

Desenvolver estratexias organizativas, metodolóxicas e curriculares que favorezan a consecución dos obxectivos educativos e a adquisición de competencias básicas de todo o alumnado.

Conseguir que todo o alumnado obteña o máximo grao de satisfacción persoal, social, emocional e escolar dacordo as súas capacidades.

Axeitar a resposta educativa á diversidade do alumnado tomando medidas que vaian desde cambios organizativos no centro ata modificacións no currículo.

Aceptar e valorar as diferenzas individuais do alumnado como un feito de enriquecemento da comunidade educativa.

5. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES:

A detección e valoración das necesidade realízase mediante as actuacións seguintes:

- Avaliación inicial de principio de curso.
- As sesións de avaliación trimestrais.
- A avaliación final.
- Avaliacións psicopedagóxicas individuais, solicitadas previamente polo profesorado, as familias ou a instancia do propio departamento.
- Informes psicopedagóxicos.
- Probas colectivas aplicadas ao longo do curso.

6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Por regra xeral, antes de aplicar as medidas extraordinarias aplicaranse as ordinarias. Este curso levaranse a cabo as seguintes:

Medidas ordinarias:

Programacións de aula. Procurarase:

- Adecuar, priorizar e seleccionar contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe segundo as características e necesidades do alumnado da aula.
- Realizar programacións de reforzo e ampliación en relación a un mesmo contido e actividades secuenciadas segundo a súa dificultade.
- Seleccionar técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados.

- Diversificar os criterios de cualificación: Observación diaria de traballos, de comportamento, nota das probas, traballos de aula, actitude,...
- Utilización de estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado como a aprendizaxe cooperativa e a titoría entre iguais.

Realización de **avaliacións iniciais** ao alumnado para determinar o seu nivel de competencia curricular nas distintas áreas, especialmente nas instrumentais. Este curso habería que levalas a cabo en 4º de EI, 5º de EI, 1º de EP, 3º de EP, 4º de EP, 5º de EP e a todo o alumnado novo tanto en infantil como en primaria.

Agrupamento do alumnado:

- Apoio dentro do grupo ordinario:
Este curso estase levando a cabo en 1º e 4º de EP.

Realización do **reforzo educativo** dentro da aula polo profesor titor ou de área en que se terá en conta a organización da mesma, a secuencia de contidos, a metodoloxía e as formas e instrumentos de avaliación a todo o alumnado que non supere os obxectivos e as competencias básicas do nivel.

Permanencia dun ano máis no ciclo:

- En 5º e 6º de educación primaria repite un alumno en cada nivel.

Medidas extraordinarias:

-

- **Adaptacións curriculares:**
 - . Unha en 3º de EP.
 - . Dúas en 4º de EP.

- **Apoio específico individualizado** en pequenos grupos fóra da aula por parte dos especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe ao alumnado con necesidades educativas específicas, con informe psicopedagógico previo e con conformidade dos pais. Este curso aínda estamos a efectuar a avaliación psicopedagógica de varios alumnos pero de momento temos:
 - . Audición e Linguaxe: Once.
 - . Pedagogía terapéutica: Dezaseis.

7. CANLES DE COORDINACIÓN:

PROFESORADO:

- Reunións da Comisión de Coordinación pedagóxica.
- Reunións do departamento de orientación.
- Reunións do profesorado-titor co profesorado de apoio.
- Reunións da orientadora co profesorado-titor.
- Reunións da orientadora co profesorado de apoio.
- Reunións dos equipos docentes.
- Sesións trimestrais de avaliación, tanto en EI como en EP e información por escrito da evolución do alumnado de Audición e Linguaxe para o profesorado-titor.

FAMILIAS:

- No mes de setembro celebrouse unha reunión xeral do profesorado-titor cos pais da súa titoría.

- O profesorado-titor semanalmente adicará unha hora de atención aos pais, con cita previa, para intercambiar información, realizar o seguimento do alumno e dar orientacións que posibiliten a coherencia na intervención educativa, onde é importante incidir, sobre todo, nos logros obtidos. Previamente, o profesorado-titor coordinará a información que lle é transmitida polo profesorado de área e de apoio, co fin de dar unha información máis completa.

- Tamén se utilizarán as axendas escolares, sobre todo nos cursos iniciais de primaria establecendo así unha canle de comunicación cós pais máis asidua.

- Ao rematar cada trimestre remitirase as familias un boletín coa información correspondente. Asemade, elaboraranse algúns boletíns con información adaptada as características dalgúns alumnos con necesidades educativas específicas.

- A orientadora recibirá a todos os pais que o soliciten e convocará aos que sexa necesario.

SERVIZOS EXTERNOS.

Manterase o contacto co Equipo de Orientación Específico, o Servizo de Inspección, o Servizo de Asesoría de Orientación da Consellería de Educación, os Servizos Sociais do concello, o Servizo de Menores, Saúde Mental Infanto Xuvenil do Complexo Hospitalario, especialistas, asociacións privadas,...

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN.

A avaliación do presente Plan estará centrada nos procesos educativos e de desenvolvemento do currículo. Os criterios de avaliación que se terán en conta para determinar a calidade do plan serán:

- Adecuación as necesidades reais do centro.
- Logros acadados no referente aos obxectivos previstos.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Será realizada por todos os axentes implicados e tenderá á valoración do desenvolvemento das actividades realizadas e o grao de consecución dos obxectivos propostos.

PROGRAMACION XERAL ANUAL 2017-2018

CEIP MANUEL SUEIRO

Ao finalizar cada trimestre, o Departamento de Orientación reunirse para realizar unha valoración conxunta do desenvolvemento do presente Plan e adoptará as medidas que se consideren oportunas para optimizar os resultados.

Os instrumentos para a recollida de datos serán a través de entrevistas escalas e cuestionarios cando se considere necesario.

Os resultados da avaliación incluíranse na Memoria final.

Ourense, 29 de setembro de 2017